

as pontes

O Goberno autoriza o peche da central e a CIG denuncia falta de compromiso laboral. **Pax. 6**

friol

Abre un novo prazo de inscrición para o servizo de Madrugadores municipal. **Pax. 10**

cospeito

Convocada unha nova edición do premio de poesía Torre de Caldaloba. **Pax. 17**

riotorto

Os veciños de Órrea inauguran unha nova área recreativa en Casanova. **Pax. 19**

abadín

Organizan no concello a primeira Feira Cabalar para o día 23 de setembro. **Pax. 22**

Vilalba cambia a forma de entender o espazo



Tempo de licitacións e novas obras

Os concellos aproveitaron o bo tempo para comezar diferentes melloras e contratar outras.

Continúa a folga do servizo de recollida de lixo

O Concello de Vilalba pediu a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais. **Pax. 3**

A Deputación asesorou a 1.230 empresas

Atendéronse máis de 1.600 consultas con 7 axentes dixitais do plan Acelera PEMES. **Pax. 26**

Cita coa Historia



As Pontes prepárase para tres días de volta ao pasado do 15 ao 17. **Pax. 8**

Feira do Gando



Friol celebra a súa tradicional cita co vacún de carne o 23 deste mes. **Pax. 10**

Encontro de Torneiros



Xermade acolle a 23 edición desta cita coa tornería da comarca. **Pax.21**

VOLTA AO COLE

A saúde visual dos teus fillos é clave, coída dela con revisións periódicas e monturas e lentes de calidade.

Gafa completa por:

69€

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504

- ✓ LIBROS
- ✓ ESTOXO
- ✓ ARQUIVADOR
- ✓ REVISIÓN VISUAL

Xurxo Alonso gaña o certame literario do Concello de Vilalba

O Concello de Vilalba vén de facer público o fallo do xurado do XLIX Certame Literario, do que resultou gañador Xurxo Alonso coa súa obra *Cartas de Conxo – O legado das Tá-vora*.

O xurado formárono Darío Villanueva, membro da Real Academia Española; Ramón Villares, catedrático de Historia, Xulio Xiz, xornalista; e Fidel Fernán, director do grupo de Radio Principal.

Xurxo Alonso (Bos Aires 1956) é licenciado en Bioloxía, pintor e poe-

ta. Como poeta é autor de nove libros e recibiu, entre outros, os seguintes premios: Avelina Valladares; Johán Carballeira; Francisco Añón; Bouza-Brey; Concello de Carral; Cidade de Ourense; Díaz Castro; Torre de Caldaloba e Lueiro Rey.

Como pintor realizou máis de sesenta exposicións individuais e ontivo premios como a Bienal Cidade de Pamplona; Bienal de Pontevedra; Premio Gredos e Bienal Eixo Atlántico.



Concurso de microrrelatos

O Concello de Vilalba fixo entrega dos premios aos gañadores da quinta edición do Concurso de Microrrelatos, un certame organizado en colaboración con Culturalia Gz co obxectivo de conmemorar o Día do Libro 2023 e, asemade, fomentar na

poboación o achegamento á lectura literaria. Os gañadores leron as obras premiadas mentres que os músicos Baruk Domínguez e Esteban Santana amenizaron a sesión. O próximo ano a editorial Alvarellos publicará a obra que recolle as nove creacións.

Vilalba estrea nas festas a nova praza na rúa da Pravia

Renda anuncia un investimento de 378.000 euros nas parroquias ata fin de ano

A nova praza diante da alameda de Vilalba, froito da reforma integral da rúa da Pravia, xa está a acoller actuacións musicais e outras actividades para desfrute da veciñanza.

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Medio Ambiente e Espazos Naturais, Luis Fernández, sinala que un dos obxectivos desta actuación foi precisamente “que se puideran realizar este tipo de actos para desfrutar todos e todas”. Este é o primeiro verán no que se pode facer uso da praza, logo das obras de reforma integral da rúa da Pravia, a arteria principal do concello.

Fernández destaca que a praza e o conxunto da reforma da rúa “forman parte da nosa aposta pola humanización e a recuperación dos espazos para as persoas”.

MEDIO RURAL. Por outra banda, o Concello de Vilalba investirá un total de 378.245,81€ nas parroquias nos próximos tres meses. Así o anunciou o responsable de Infraestruturas Rurais Modesto Renda, de Vilalba Aberta, nunha rolda de prensa convocada coincidindo co remate das festas de San Ramón e Santa María.

A inversión, procedente na súa totalidade de fondos propios do Concello, permitirá acometer a necesaria renovación e mellora de ata 24 viais de titularidade municipal e as primeiras 14 parroquias beneficiadas serán as de Vilapedre, Corvelle, Samarugo, Distriz, Sancovade, Román, Goiriz, Lanzós, San Simón, Torre, Soexo, Insua, Oleiros e Xoibán.



Ademais, e tal e como explicou Renda, a suma deste “importantísimo investimento” e a do Plan de Camiños que dende a Área de Infraestruturas veñen de adjudicar, suporá un investimento neto de máis de medio millón de euros (520.104€) no que resta de 2023.

COTARÓN. Tamén saíron a licitación as obras para a renovación das instalacións de abastecemento e saneamento de augas residuais e pluviais, a pavimentación e o novo alumeadado no camiño Cotarón.

Actualmente, a fragmentación e os diferentes usos da vía impiden o seu desfrute polos cidadáns, que conciben a mesma como un espazo de servidume para o aparcadoiro e o acceso exclusivo das casas unifamiliares e parcelas ás que da acceso.

O proxecto servirá para reformar integramente as instalacións de abastecemento e saneamento, realizan-

do unha rede separativa de augas fecais e pluvias, e para acometer a repavimentación cunha plataforma de formigón lavado ou desactivado apta para o uso peonil e rodado, que dará homoxeneidade a todo o conxunto.

O ámbito de intervención do proxecto non se limita exclusivamente ó camiño Cotarón, senón que se estende polas tres rúas polas que ten continuidade urbana, a rúa Cotarón, a rúa Plácido Peña e a rúa do Rego.

BUSTELO E FONTEADOR. Renda informou da mellora e renovación de dúas vías en Gondaisque. Os traballos realizáronse nos tramos municipais que dan acceso aos barrios de Fontedor e Bustelo e o obxecto dos mesmos foi a limpeza de noiros e tubaxes; o recargo e nivelación das capas base e a pavimentación con dobre e triplo rego asfáltico.

UNHA FIBRA DO 15 A UN PREZO NUNCA VISTO

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
+3 meses TV Total **GRATIS**

15€
/mes
45€
Durante 9 meses



Chama gratis ao **900 651 679**

combina o teu paquete a medida en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 21/08/2023 e o 31/10/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb+ Móbil 50 GB durante os 9 primeiros meses a 15€/mes e, posteriormente, a 44€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. (2) ADAMO TV Total: Servizo gratuito durante os 3 primeiros meses e, posteriormente, a 12€/mes (IVE incluído), agás cancelación do servizo durante o período promocional.

O Concello pide unha mediación oficial na folga da recollida do lixo

O Concello solicita aos representantes dos traballadores do servizo de recollida de lixo a desconvocatoria da folga, instando ás partes en conflito a que soliciten a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Os voceiros e voceiras dos diferentes grupos políticos da Corporación Municipal mantiveron esta mañá unha reunión para facer balance da situación e concretar as próximas medidas. O concello solicitará á CIG a inminente desconvocatoria da folga e que se retome a negociación dun novo convenio colectivo coa citada mediación.

“Facemos un chamamento á responsabilidade tanto da empresa como dos traballadores; a veciñanza non pode ser refén da súa falta de acordo”, sostén Eduardo Vidal, concelleiro de Servizos de Vilalba, que demanda “que se reanuden as negociacións no Consello Galego de



Relacións Laborais”.

Nun primeiro contacto con ambas partes para falar desta posible mediación, Urbaser comunicou ao concello que non a admite.

O conflito comezou en xuño de 2022, cando os traballadores de Urbaser acordaron, en votación secreta e por un voto de diferenza, non asinar o convenio colectivo que lles presentou a empresa despois da correspondente negociación.

Agora pretenden que a empresa incrementemente os salarios nun 22%, con carácter retroactivo desde 2021. Urbaser ofrece pola súa parte o comprometido polo concello, un incremento do 10% repartido da seguinte forma: un 4% no 2023; un 3% no 2024, e un 3% no 2025, cunha variación puntual engadida do 1% en función do IPC. Esta proposta foi rexeitada pola representación sindical.

O Concello destaca o traballo realizado no centro ocupacional

O Goberno local quere poñer en valor o traballo do Centro Ocupacional para acadar a inclusión dos seus usuarios e usuarias.

A alcaldesa, Elba Veleiro, xunto ás concelleiras de Servizos Sociais, Marta Rouco, e Ensino, Paula Vigo, visitaron o centro para desexarilles unhas boas vacacións aos usuarios.

“O centro fai un gran traballo inclusivo e pola igualdade coas diferentes seccións de carpintería, serigrafía ou xardinería, que realizan encargos de institucións e entidades de todo



tipo”, explica Elba Veleiro.

O centro combina estas accións con outras actividades físicas e lúdicas.

De feito, hai usuarios e usuarias que forman parte da Escola de Teatro ou do equipo Genuine do Rácing.

Comeza a asignación das instalacións deportivas

Xa está aberta convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais de Vilalba para actividades deportivas de adestramento. As entidades e persoas interesadas teñen dez días hábiles dende a publicación da convocatoria onte no BOP para presentar as súas solicitudes.

Veleiro reunírase con representantes dos clubs e asociacións deportivas locais para abordar este novo regulamento. “Un regulamento necesario para facilitar a xestión e coordinación dos espazos deportivos do municipio, cada vez máis reclamados ante o aumento da rede asociativa local”, afirma.

As solicitudes deberán ser presentadas na sede electrónica do Concello, e serán valoradas en

función dun baremo desglosado na convocatoria. A puntuación asignarase en función de parámetros como o nivel de competición, ou en caso de solicitudes realizadas por asociacións ou clubs, o número de socios ou abonados, ou o número de licencias federativas en competicións oficiais e regulares.

As instalacións deportivas nas que se poderá adestrar por medio da participación nesta convocatoria serán o Pavillón Municipal de Deportes, o Pavillón CEIP Mato Vizoso, o Pavillón CEIP Insua Bermúdez, o campo de herba artificial, as pistas de tenis 1 e 2, a pista de atletismo do Estadio da Madalena, a sala de loita do Auditorio Municipal, o ximnasio da casa consistorial e a piscina municipal.

Abre o prazo para as escolas deportivas e os cursos de natación

A alcaldesa de Vilalba e responsable da área de deportes, Elba Veleiro, anuncia que o Concello abrirá proximamente o prazo para inscribirse nas escolas deportivas e nos cursos de natación da piscina municipal durante o vindeiro curso.

Ambos prazos comezarán a principios de setembro. O das escolas deportivas será ata o mércores 13, e poderá realizarse no rexistro, na sede electrónica do Concello ou neste enderezo.

Ditas escolas incluírán disciplinas

como ioga, baloncesto, fútbol, judo, loita olímpica, tenis, triatlón, pilates, ximnasia rítmica, tenis de mesa, fútbol sala, patinaxe, baile ou rugby. Poden consultarse as bases das mesmas no taboleiro da sede electrónica.

Por outra banda, o prazo de inscrición para os cursos de natación na piscina será do martes 5 ata o mércores 20, presencialmente na recepción da propia piscina. Haberá cursos de familiarización, iniciación, nivel medio e perfeccionamento.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica **TEST** dental

EN BREVE

BUXOS VERDES. O grupo Buxos Verdes vén de abrir un novo prazo de matrícula para os cursos de gaita, percusión e baile, que terán lugar entre as 20.00 e as 22.30 horas todos os venres no Auditorio de Vilalba. As clases de gaita e tambor estarán a cargo de Ricardo García, mentres que as de pandeireta e canto a cargo de Branca Villares.

CABALO. O 16 de setembro celebrárase en Vilalba a ruta cabalar Docavil, que dará comezo ás 10.00 horas coa xuntanza dos cabalos no río da Magdalena de Vilalba. A ruta dará a súa saída ás 10.30 ata e se prolongará ata as 14.00 horas onde, como colofón, celebrárase un xantar. Esta xuntanza estará amenizada por un dj.

SANCOVADE. A Asociación de Veciños Santiago de Sencovade presenta o seu programa de actividades para este 2023 e 2024. Este ano haberá cursos de bolillos, memoria, gaita e pandeireta, baile, restauración e costura. Haberá tamén obradoiros de micoloxía, cerámica, defensa persoal, poda, gancho e robótica. Entre as festividades destacamos o magosto e o entroido, así como diferentes comidas e excursións que se realizarán durante o inverno. Tamén, este ano, organizaranse os torneos anuais de tute e fútbol convocando, un ano máis, ós seareiros da zona. Non faltará a ruta de sendeirismo.

OLEIROS. A parroquia vilalbesa de Oleiros estará de festas o 16 e 17 de setembro con motivo da honra a San Mamed e San Ecce-Homo. O sábado, a xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne, seguida da procesión e sesión vermú, que estará amenizada pola orquestra Fuego que tamén será a encargada da verbena que se organizará pola noite. O domingo, a xornada relixiosa será á mesma hora, seguida dunha sesión vermú co grupo Máster.

O PP acusa ao Goberno local de mala xestión económica

O Grupo Municipal do PP condena “a tendencia do goberno local a comezar obras faraónicas, con importes considerables e que non dan rematado; sen solucionar primeiro outras prioridades”. Así o manifiestan despois de que o goberno aprobase no pleno extraordinario deste martes un proxecto para reformar o edificio do Concello por valor de 1.153.605,42 €.

Dende o PP local pregúntanse “se había tanta demanda por parte dos vilalbeses e vilalbesas por reformar a Casa Consistorial e se non consideraron que os nosos veciños teñen outras demandas prioritarias coma o arranxo do pavillón municipal, unha infraestrutura á que lle dan uso moitos veciños e que é unha demanda das entidades deportivas”.

Os populares poñen sobre a mesa exemplos de como outros concellos

destinaron esa mesma subvención do Ministerio á reforma do mercado de abastos, como no caso de Betanzos, ou á reforma do seu pavillón municipal, coma Cambre e Santiago. A voceira tamén lembrou o de Corvera (Asturias) que con esta axuda do Ministerio vai reformar un edificio e acondicionalo como centro de día. Polo tanto, “tiñan unha oportunidade magnífica para crear o centro de día que tanto prometeron”.

Os populares non comparten esta xestión de improvisación na que non se dá prioridade ás necesidades dos vilalbeses. “Á vista están dúas obras xa empezadas que aínda non foron capaces de rematar; o que supón, por exemplo, pasar outro verán máis sen a posibilidade de utilizar a piscina da Magdalena”.

IMPROVISACIÓN. Os populares condenan tamén a “nefasta e im-

provisada” xestión económica do Concello por parte do goberno local porque o bipartito PSOE – Vilalba Aberta aprobou unha modificación de créditos para aumentar o gasto en 2.487.789,03 € a pesar de que os informes técnicos advirten de que “pode poñer en risco o equilibrio orzamentario do Concello”.

Os populares pediron “prudencia e sentido común” porque “estamos a finais de agosto e xa non hai cartos nalgunhas partidas cos que facer fronte a diversos gastos”. E isto débese a que “o goberno local non xestiona con previsión, senón que todo é improvisación”.

A voceira, Sandra López, considera que “non hai traballo feito” porque “non se aprobou ningún orzamento novo en máis de catro anos. Continúan cos orzamentos prorrogados do ano 2019 que non se axustan ás necesidades do 2023”.

O Comercio na Rúa repartiu os premios entre 1.500 participantes

Un total de 1.500 persoas participaron a pasada semana nunha nova edición do programa Comercio na Rúa, realizado coincidindo coas festas de San Ramón e Santa María volve, organizado pola Asociación de Empresarios Polígono Sete Pontes.

Durante cinco días, as compras cun importe mínimo de 10€, realizadas nun dos comercios participantes, optaron a gañar varios premios, tres vales de 100€ para gastar nun dos comercios participantes e 4 vales de 50€.

Así, o sorteo realizouse onte e os gañadores dos tres máximos premios foron Mari Fé López Díaz, Rocio Fidalgo Prieto e Delfina Rouco Méndez.

Así mesmo, os vales de 50 euros foron para Desirée Fernández Savedra, Eva Fuentes Prado, María Carballal de la Fuente e Araceli Paz Veres.



CAMPAMENTO. A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e a concelleira de Educación, Infancia e Xuventude, Paula Vigo, entregaron os diplomas aos participantes dos campamentos de verán municipais. A rapazada puido gozar dunha festa de clausura destas actividades, que incluíron un tobogán de auga e a festa da espuma. As representantes municipais entregaron a cada rapaz un diploma, ademais dun agasallo que incluía unha gorra e unha orla conmemorativa.

Ramón Chao recibirá a distinción póstuma de Arraiano Universal

O Concello de Entrimo e Arraianos Producións celebraron a VII edición das Xornadas Arraianas, no transcurso das cales se fixo entrega dos premios Arraianos 2023. Un recoñecemento honorífico que se concede anualmente desde 2009 a aquelas persoas que destacan polo seu traballo en favor da cultura da “raia” entre Galicia e Portugal.

Este ano a distinción tivo acento franco-galaico. O portavoz da organización, o divulgador celanovés Aser Álvarez González, deu a coñecer o fallo do xurado no que se acordou

o nomeamento de Arraiano Maior 2023 a Antoine Chao Ortega, xornalista e músico. No mesmo acto e a título póstumo recoñeceuse como Arraiano Universal ao seu pai, o xornalista e escritor Ramón Chao Rego. Así mesmo, a Asociación Cultural Amigos de Prisciliano, fundada por Ramón e presidida polo xornalista Moncho Paz, recibiu o Premio Colectivo Arraiano.

Antoine Chao, Moncho Paz e Amigos de Prisciliano participan no documental *O camiño de Ramón Chao. Tras as pegadas de Prisciliano*.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVANA Bosch y Javalba CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

MOBELRIAS

Descubre as novidades na tenda

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

“O segredo é facer unha sociedade de interese veciñal e de utilidade pública”

Isidro Cillero é o presidente da Asociación Cultural Amigos da Liga Santaballese, falamos con el sobre os comezos, as actividades e os plans de futuro deste colectivo do concello de Vilalba

Como e onde nace a Liga Santaballese?

A Liga Santaballese naceu na Habana no ano 1907, tras a xuntanza de persoas emigradas que vivían en Cuba, principalmente na Habana. Montaron unha sociedade, que naquel momento estaban nacemento moitas e había un movemento asociacionista moi grande. Tiñan unha xunta administrativa aquí que estiveron coordinadas e levaron a cabo a construción da escola e de diversos panteóns. Nos anos trinta, a escola pasou a mans do Concello e a asociación continuou ata o ano 59 que comeza a funcionar un pouco por separado. A Liga Santaballese da Habana segue a ter alá a sociedade e nós seguimos aquí tamén, e estamos en contacto con eles.

De onde nace este nome?

O de liga ven porque naquel momento o que se trataba era de unir, ligar. Estaban por exemplo os Fillos da Comarca de Castrocaldelas, Fillos de Ribadeo e así varios grupos polo que este nome era un pouco para aglutinar á xente e servir como unión.

Cal é o obxectivo principal desta asociación?

O obxectivo principal é manter o legado que nos deixaron os cubanos, a escola e o panteón que hai no cemiterio.

Que actividades realizan durante o ano?

Durante o ano lévanse a cabo diversas actividades, cada ano hai unha serie delas, facemos charlas, xornadas sobre a emigración, facemos gravacións audiovisuais,

publicacións e despois tamén realizamos cursos para a terceira idade, de ximnasia, de memoria ou de manualidades. Sempre un pouco a favor dos veciños de Santaballa e para poder manter ese legado e esa memoria, para tela actualizada e viva para que os rapaces sigan coñecendo esas migracións que houbo a principios do século pasado.

Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Todos os anos facemos unha feira indiana para conmemorar e recordar aos emigrados o terceiro fin de semana de setembro e levamos xa trece edicións, a deste ano será a 14. Agora mesmo estamos tamén cunha reunión de asociacións carácter indiano nadas como a nosa e que construíron escolas por Galicia, que se construíron 320 escolas, para facer unha pequena xuntanza e marcar obxectivos, ver cara onde vamos, que queremos e como se pode coordinar un pouco todo este material e darlles unha utilidade a todos estes edificios. Tamén é unha xuntanza para coñecernos máis e saber uns de outros e se pode xurdir unha cousa en común pois moito mellor.

Cantos socios forman a asociación?

Actualmente na Liga Santaballese somos arredor dos 300 socios.

Que apoio teñen das administracións?

Normalmente optamos a axudas tanto do Concello de Vilalba como da Deputación Provincial. Tivemos unha serie de subvencións para



arranxos tanto da escola como da reitoral que compraron os veciños de Santaballa e que se estivo arranxando durante este últimos anos. Tamén optamos a subvencións, a parte das culturais, de obras e nominativas.

Cal é o segredo para estar tantos anos en activo?

Eu penso que facer unha sociedade de interese para os veciños e de utilidade pública, eu creo que é o que nos vai facer pervivir. Darlle esa utilidade á escola, e á asociación e tamén devolverlle aos veciños a cultura como a unión social que os cubanos intentaron desde un principio.

ción e tamén devolverlle aos veciños a cultura como a unión social que os cubanos intentaron desde un principio.

Que necesidades teñen na actualidade?

Sempre hai moitas necesidades, agora mesmo estamos arranxando a reitoral e queremos facer un pequeno museo e un centro da interpretación da historia de Galicia, entón estamos aí pasión a pasión con subvencións da Deputación e Terras do Miño.

Abre o prazo para solicitar as subvencións para asociacións do 2023

Xa está aberto o prazo para a solicitude das subvencións nominativas do ano 2023, destinadas ás entidades e asociacións que traballan a prol da dinamización do pobo en diferentes eidos.

“O goberno local pon en valor o traballo diario destas entidades, que repercute directamente na mellora dos servizos e oportunidades dos vilalbeses e vilalbesas a través do tecido asociativo”, asegura Veleiro.

Por iso, co obxectivo de potenciar e axudar nas actividades destes grupos sociais, veciñais, empresariais, educativos, culturais ou deportivos, o concello aprobou unha achega total de 439.100 euros.

No BOP do 12 de maio de 2023 publicouse a aprobación definitiva da relación de subvencións. Tamén no BOP, neste caso do 3 de xuño de 2023, publicouse a Ordenanza adxunta nº 67 reguladora de subvencións do Concello de Vilalba.

Segundo o artigo 27.2. da citada Ordenanza, os interesados deben presentar a solicitude de xeito exclusivamente electrónico a través do trámite específico habilitado para elo na sede electrónica: <https://vilalba.sedelectronica.es/info.0> (Subvencións Nominativas 2023).

Xunto coa solicitude, obrigatoriamente deberanse aportar os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas da AEAT, Seguridade Social e Atriga.

Con posterioridade á solicitude asinarase un convenio entre ambas partes. Dita firma será exclusivamente electrónica, sendo fundamental ter en vixente o certificado dixital de representante da entidade. Para rematar o procedemento, a xustificación deberá presentarse antes do 10 de decembro do 2023.



**Clínica Médica
San Ramón**
• En Vilalba •



AUDÍFONOS SIEMENS
A MEDIDA Y RECARGABLES



StreamLine TV
TRANSMITE EL AUDIO DEL
TELEVISOR A SUS AUDÍFONOS





¡LLÉVELO GRATIS CON LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS!

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo

Abre a matrícula nas escolas municipais

O Concello abriu o prazo de matrícula nas escolas municipais culturais para o curso 2023-2024.

Ata o 14 de setembro, o alumnado matriculado no curso 2022-2023 poderá solicitar a renovación de praza nas escolas municipais culturais se completou o curso, con asistencia habitual ás clases, se non ten recibos pendentes ou non foi baixa.

Este ano, ao igual que o ano pasado, a inscrición deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica do concello. Aquelas persoas que non dispoñan de medios ou coñecementos para realizar a inscrición online poderán descar-

garse os impresos na páxina web municipal ou acudir ao Departamento de Cultura, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas, onde se lles facilitarán os impresos de solicitude de matrícula.

Unha vez rematado o prazo de inscrición do alumnado matriculado no curso 2022-2023, o listado de prazas vacantes exporase, o día 20 de setembro, no taboleiro de anuncios do Departamento de Cultura, e abrírase o prazo de inscrición, do 21 ao 27 de setembro, para o alumnado de novo ingreso. A solicitude deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica do Concello.

Aprobadas as subvencións para entidades deportivas e culturais

O Concello das Pontes destinará 520.000 euros ás subvencións dirixidas ás entidades deportivas do municipio durante o ano 2023.

A través destas achegas, o Concello das Pontes quer dar apoio ás entidades deportivas e contribuír a que consigan os obxectivos que lles son propios así como fomentar a participación da cidadanía, impulsando a democratización da sociedade.

As entidades solicitantes poderán cubrir os gastos que xere o desenvolvemento das actividades das entidades deportivas solicitantes ou a súa participación nas diferentes competicións para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

Tamén destinará 180.000 euros ás achegas para as entidades culturais. Estas achegas, destinadas a entidades culturais privadas, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de Asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan a súa actividade no municipio ou aborden asuntos de interese para a localidade, teñen como obxectivo prioritario dar apoio a ditas entidades e contribuír a que acaden os seus obxectivos, fomenten a participación cidadá, contribuíndo, deste xeito, a impulsar a democratización da sociedade, fomentar a defensa dos valores da igualdade de xénero e a linguaxe inclusiva.

O Goberno autoriza o peche definitivo da central das Pontes

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco) autorizou a solicitude de peche da central termoeléctrica das Pontes, da Coruña, presentada pola empresa propietaria, Endesa, e tras o informe favorable de Rede Eléctrica de España (REE) sobre a compatibilidade do peche coa seguridade de subministración do sistema eléctrico.

Segundo informou nun comunicado o departamento dirixido ata o de agora por Teresa Ribeira, nun informe previo, REE xa contemplaba o peche de dous grupos da central, mentres que os outros dous poderían pecharse de forma condicionada á dispoñibilidade de potencia "dentro dun contexto de gran tensión nos mercados enerxéticos provocada pola invasión de Ucraína".

Agora, "tras a estabilización destes mercados", REE emitiu un novo informe que constata a compatibilidade do peche coa seguridade de subministración eléctrica, polo que, segundo indicou o Ministerio, os plans para a reconversión industrial da zona prevén un investimento superior a 2.500 millóns de euros e xerarán máis de 1.300 empregos, apoiando unha transición xusta.

Desta maneira, o Goberno busca "impulsar unha transición xusta para a zona", polo que grazas aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), están a lanzarse programas de apoio para proxectos enerxéticos innovadores. Neste sentido, nos concursos de acceso o ministerio prioriza aquelas propostas situadas en zonas con centrais en proceso de peche, como a das Pontes, onde xa se concedeu unha axuda de 15 millóns á primei-



ra fase do proxecto H2Pole de EDP e Reganosa.

Nesta fase prevese a construción dunha planta de produción de hidróxeno renovable, cun investimento de 156 millóns e a creación dun centenar de empregos, entre directos e indirectos, na fase de explotación.

Así mesmo, o Ministerio apoia proxectos municipais, como o desenvolvemento dun centro loxístico no polígono industrial de Penapurreira, nas Pontes, "que dea servizo ás empresas con problemas de almacenaxe e ao transporte por estrada afectado polo peche da central, adxudicado a través dunha convocatoria en 2021".

Ademais, a través da convocatoria de axudas a infraestruturas ambientais, sociais e dixitais, concedéronse 6,8 millóns a outros 11 proxectos.

CIG. Pola súa banda, a CIG denunciou a falta de "compromisos firmes e concrecións" por parte de Endesa e do Goberno español no mantemento dos empregos nas compañías auxiliares tras o peche da central térmica das Pontes. Dende a federación de Industria, que onte participou nunha xuntanza no Instituto para

a Transición Xunta (ITX) en Madrid para abordar as consecuencias do desmantelamento, reclaman que se lle reasigne ás Pontes a capacidade total de evacuación liberada tras o peche e se inicien os trámites para sacar a poxa de transición xusta.

Na reunión convocada pola Directora Xeral do Instituto -na que tamén estivo representada Endesa- a delegación da CIG-Industria formada polo seu secretario nacional, Xoán Xosé Bouzas, por Alberte Amado, da CIG-As Pontes, e por Fernando Branco, responsable de Enerxía da CIG, trasladou cuestións relativas á problemática laboral, á situación dos proxectos anunciados para a comarca e ao mantemento do nó de evacuación coa capacidade actual.

Tras o encontro, dende a central sindical lamentaron que "o único que se sacou en limpo" foi que se manterán futuras reunións para abordar cuestións concretas, nas que a CIG intentará forzar maiores garantías no ámbito laboral por parte de Endesa e do Ministerio para que o proceso de desmantelamento e de instalación de novos proxectos se solape e os cadros de persoal non teñan que ir ao desemprego.

ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Punte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

construferr

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

A planta de hidróxeno verde xa é iniciativa empresarial prioritaria

O Consello da Xunta aprobou a declaración como iniciativa empresarial prioritaria dun centro verde de hidróxeno e amoniaco nas Pontes. Cun investimento de 315 M€, este proxecto está impulsado pola empresa EsuH2 Mjlnir, participada ao 100 % por Universal H2 do grupo empresarial Universal Kraft.

Cun investimento a tres anos, a primeira fase para a construción da planta de amoniaco e hidróxeno verde prevé unha capacidade máxima de 120 MW e unha produción de amoniaco de 98.550 toneladas ao ano que se transportará a unha instalación de almacenamento no porto exterior de Ferrol para a súa exportación. O amoniaco ten aplicacións no capo dos fertilizantes, pero tamén como portador de enerxía de hidróxeno.

Os promotores prevén a creación tanto desta planta como dun proxecto integrado de enerxía solar. O despregamento desta iniciativa permitirá, por unha banda, descarbonizar as cadeas de valor e a industria estratéxica local; e, doutra banda, avanzar nos retos

globais vinculados ao cambio climático, así como situar á rexión como líder na transición ambiental.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera tanto o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 315 M€) como o emprego -o mínimo é de 25 postos de traballo directos baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa, e prevese a creación de 60-; ademais complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é, neste caso, o das enerxías renovables.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Comezan as obras de mellora da rúa Cabanas



Veñen de iniciarse as obras de renovación de servizos públicos e os pavimentos na rúa Cabanas, un proxecto, financiado a través do POS 2022 da Deputación da Coruña, cun orzamento de 195.452 euros, á empresa local TYC Canosa. Esta actuación permitirá a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes da rúa. Unha rede que irá dotada dos correspondentes sumidoiros, con arquetas de recollida de acometidas das vivendas, e que ten como obxectivo o control do aporte de augas limpas ao sistema de depuración municipal.

A actuación tamén contempla a execución dunha nova canalización para a iluminación pública, ao

longo de toda a beirarrúa dereita, e a substitución da canalización de alimentación desde o cadro xeral a toda a zona para iluminación e comunicación.

Así mesmo procederase á renovación das beirarrúas, apostando pola eliminación das barreiras arquitectónicas. O pavimento do viario, previa limpeza e rego de imprimación, reforzase mediante unha capa nova de rodadura de mistura en quente.

As obras completaranse coa instalación de mobiliario urbano; bancos, papeleiras e xardineiras, realizadas en madeira e accesorios de aceiro inoxidable. Os traballos rematarán coa reposición da sinalización viaria.

Arranca a campaña de reciclaxe de cabichas de tabaco

O Concello puxo en marcha unha campaña de reciclaxe de cabichas co obxectivo de reducir no municipio o impacto ambiental procedente do tabaco a través dun sistema de cinceiros exteriores.

Nese sentido, desde o Concello apuntan que “as cabichas son un dos residuos máis perigosos para os ecosistemas debido aos seus compostos tóxicos. Unha só cabicha contamina 500 litros de auga e tarda 12 anos en decompoñerse, recuperar e reciclar as cabichas pode reducir considerablemente a contaminación das contornas naturais e permite, ao mesmo tempo, darlles unha nova vida útil”.

Para levar a cabo esta campaña o Concello das Pontes conta coa colaboración de Keenat, que ofrece unha solución innovadora para concienciar, recoller e reciclar as cabichas.

Esta solución inclúe, como primeira fase, a instalación de 7 cinceiros en puntos de alta afluencia do pobo, así como 1 contedor e un dispensador de cinceiros de cartón na praia do Lago, nos que a veciñanza poderá depositar as cabichas do tabaco que, posteriormente, serán trasladadas a unha planta de reciclaxe de cabichas en Francia, onde se lles dará unha nova vida útil converténdolas en plásticos reciclados.

XI FEIRA DO GANDO VACÚN DE CARNE

POXA DE MACHOS E FEMIAS

CATEGORÍAS:

Machos menores de 8 meses
Femias menores de 8 meses
Machos de 8 a 14 meses
Xatas
Vacas
Touros

PREMIOS POR CATEGORÍA:

1º premio: 150 €
2º premio: 100 €
3º premio: 50 €
Premio especial mellor lote: 200 €

Sábado 23 de setembro

Friol
Concello

FEIRA, MOSTRA, CONCURSO
Mercado Municipal Friol

EN BREVE

A FAEIRA. A parroquia de A Faeira, nas Pontes, celebra a fin de semana do 29 de setembro ao 1 de outubro as súas festas patronais comezando ese mesmo venres cunha churrascada por 15 euros. Os interesados en apuntarse poden facelo antes do 27 de setembro. O sábado 30 a actividade dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne seguida dunha sesión vermú a cargo do grupo Pasión. Esta mesma orquestra unirase á Olympus para a gran verbena. O domingo 1 continuarán as celebracións con misa ás 13.00 horas. A sesión vermú que virá a continuación, cos dúos Venus e Carpe Diem, porán o punto e final ás festas.

RUTA TURÍSTICA. A escudaría Automóvil Club As Pontes organizan a VII Ruta Turística Vila de As Pontes o próximo 16 de setembro, que é puntuable para o Open Rutas Turísticas Ferrolterra. Tamén será a cuarta proba do campionato 2023 que discorrerá por distintas estradas do Concello de As Pontes. Neste tipo de probas poden participar tanto coches clásicos (máis de 25 anos o día da proba) como coches máis actuais. A inscrición está aberta ata o 13 de setembro ás 20.00. Esta pode facerse a través da páxina web.

AUTOCOIDADO. O Concello das Pontes, a través do departamento de Benestar Social, pon en marcha no mes de outubro o taller *A arte no autocoidado* dirixido ás mulleres coadoras de persoas dependentes no ámbito familiar, non profesionais, da localidade e co se lle da continuidade as propostas levadas a cabo polo departamento, neste mesmo ámbito, desde o ano 2019. Este taller, que se desenvolverá todos os xoves do mes de outubro e novembro, de 16:30 a 18:30 horas, na Casa Dopeso, ten como obxectivos prioritarios conseguir un reforzamento da identidade, seguridade e autoestima das mulleres participantes así como mellorar a súa calidade de vida mediante o seu empoderamento. As mulleres interesadas en participar neste taller poden inscribirse, desde o 11 ao 29 de setembro, no departamento de Benestar Social ou nos teléfonos 981 44 10 08 / 627 779 129.

As Pontes prepárase para vivir unha nova Cita coa Historia

As Pontes prepárase para celebrar, a fin de semana do 16 e 17 de setembro a VIII edición de Cita coa Historia, un evento organizado polo Concello, en colaboración coa asociación veciñal Lembranza da Vila.

Durante tres días as rúas do casco histórico retrocederán no tempo para acoller distintas actividades que afondan no período galaico romano. As actividades arrancarán, o venres, 14 de setembro, ás 17.00 horas coa apertura do mercado e a rúa dos oficios para dar paso a un obradoiro guiado sobre forxa antiga e traballo do metal e á visita guiada ao Museo Etnográfico Monte Caxado.

Tras o pregón, que terá lugar ás 20.30 horas, na Praza da Igrexa e que correrá a cargo do veciño José Miguel Varela Lamigueiro, haberá un pasacalle a cargo do grupo local de música tradicional Os Feroces da Galgueira.

O sábado, ás 11.30 horas, procederá á apertura do mercado e da rúa dos oficios que sinalará o inicio dunha xornada pensada para todos os

públicos e que comezará cun obradoiro de torneado e talla en madeira e un obradoiro guiado sobre o arte da ceterería.

As 12.00 horas comezará o concurso de caracterización, un obradoiro guiado sobre técnicas de pintura mural romana, haberá un pasacalle a cargo do grupo local Canavella e o público que o desexe poderá gozar dunha visita guiada ao Museo Etnográfico Monte Caxado.

A asociación Lucius Spiculus Divulgación achegará ao público, a partir das 12.30, á orixe da gladiatura e dos gladiadores e a xornada da mañá rematará cunha exhibición ceterería.

Xa durante a tarde, a partir das 16.00 horas, abriase unha ludoteca infantil, asentada no antigo cemiterio da vila, con xogos de época, xogos tradicionais e xogos xigantes. Seguirá un obradoiro infantil de deseño de colares galaicos e ás 17.00 horas abrirá o mercado e a rúa dos oficios e volverá o concurso de caracterización.

A partir das 17.30 horas haberá obradoiros guiados de xoiería e

fabricación de pezas de metal, un obradoiro sobre ceterería e, ás 18.30 horas, a asociación Lucius Spiculus Divulgación amosará ao público a preparación e loita de gladiadores.

A xornada da tarde continuará ás 19.00 horas cun teatro de marionetas e unha exhibición de ceterería que dará paso ás 20.00 horas a un obradoiro guiado sobre forxa antiga e traballo de metal.

A partir das 20.30 horas será a quenda para a música cun pasacalle a cargo do grupo No Cómbaro e un concerto, ao carón do río Eume, de música folk da man de Norteños do Sur e Amilicia Bravú.

O domingo continuará a Cita co desfile das guerreiras de Lucus Icenas Miliatore que, a partir das 12.00 horas, representarán a obra *A historia de Boudica*.

As actividades continuarán co concurso de caracterización, un obradoiro guiado de forxa antiga, un obradoiro infantil de pinturas de guerra, unha visita guiada ao Museo Etnográfico Monte Caxado e un



novo obradoiro guiado de ceterería. A xornada da mañá rematará cun pasacalle a cargo do grupo local Os Trevillas. Pola tarde, abrirá a ludoteca infantil con novos obradoiros de torneado de talla e madeira e xoiería. Ás 17.30 horas volverán ás rúas da vila as guerreiras de Lucus Icenas Miliatore para representar *A Coroación de Boudica*.

A partir das 18.30, haberá pasacalle de Os Trevillas, cunha visita guiada ao Museo Etnográfico Montes Caxado e un obradoiro sobre técnicas de pintura mural romana e un espectáculo de ceterería. A oitava edición da Cita coa Historia concluirá, ás 20.00 horas, coa entrega de premios do concurso de caracterización

Continúan coas accións formativas do Programa Integrado de Emprego

O Concello das Pontes continúa coas accións formativas da cuarta edición do Programa Integrado de Emprego que cunha duración de 12 meses, ten como obxectivo prioritario, mellorar a ocupabilidade e inserción laboral dos veciños dos concellos de As Pontes, A Capela e Somozas, con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral.

A través deste programa formativo ofrécéselle ao alumnado participante unha ferramenta de axuda e acompañamento especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais, acrecentando a súa empregabilidade

de para situarse, deste xeito, nunha situación máis favorable cara o mercado laboral.

Ao abeiro dun amplo programa de accións informativas, formativas e de asesoramento e orientación laboral, axustadas ás necesidades de cada unha das persoas beneficiarias, no mes de maio púxose en marcha un curso de vixiante de seguridade, de 180 horas de duración (90h presenciais e 90h online) que incluía unha parte práctica que se desenvolveu na Escola HKF de defensa persoal para rematar con prácticas de tiro na SD Pena da Revolta.

Por outra banda, tamén no mes



de maio, deu comezo a formación do catálogo de especialidades de formación do SEPE de Operativa de Caixa-terminal punto de venda (COMT013PO), con 90 horas de duración ás que se lle suman 50 horas de prácticas non laborais.

Tamén durante este mes comezou a impartirse a sesión de Creación/Actualización de Currículo.

Xa no mes de xuño iniciábase a primeira edición da formación online de Igualdade de Xénero e Oportu-

nidades (25h) cuxa segunda edición deu comezo en agosto. Na primeira semana de agosto, en horario de mañá, deu comezo o curso de IMAI009PO Mantemento Industrial (150h+50h prácticas), incluído no catálogo de especialidades do SEPE, no que participan 13 alumnos e alumnas do Programa Integrado que poderán realizar prácticas non laborais en empresas da vila unha vez superados os módulos de formación.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



VIII CITA·COA·HISTORIA
DAS·PONTES·DE·GARCÍA·RODRÍGUEZ

15·16·17/09/2023



COLABORA

As Pontes

XXI



ORGANIZA

A Feira do Gando Vacún, convocada de novo para o 23 de setembro



Friol celebrará un ano máis a Feira do Gando Vacún de Carne, a XI edición, o día 23 de setembro. As previsións do Concello serán contar cunha festa coma a do ano pasado, con feira, mostra e concurso de gando pola mañá, que terá lugar no Mercado Municipal, e a entrega de premios para pechar a edición.

No apartado do concurso, haberá cinco categorías, machos menores de oito meses, femias menores de oito meses, machos de 8 a 14 meses, xatas, vacas e touros. Os premios que se repartirán por categoría serán tres, o primeiro de 150 euros, o segundo de 100 e o terceiro de 50 euros. Haberá tamén un premio especial ao mellor lote de 200 euros.

Ademais destes case 2.000 euros que se reparten nas diferentes categorías, as ganderías asistentes recibirán unha prima pola asistencia

dos seus exemplares, os cales permitirán que se poida observar unha gran diversidade de reses, mostras e calidades de gando vacún.

A organización, así como os custos deste evento, son sufragados con fondos propios do Concello, pois como comenta José A. Santos, Alcalde de Friol: "o gando é unha parte fundamental e moi importante do noso Concello, polo que unha feira adicada ao gando vacún de carne, neste caso, parécenos unha boa maneira de seguir apoiando e impulsando o sector gandeiro en particular e ou rural en xeral, imprescindibles en Friol".

Espérase que asista un gran número de visitantes tanto do propio Concello como doutros, debido a que é unha feira que está a ser un referente neste sector e porque Friol é un lugar que merece a pena ser visitado por todo o que ten para visitar, ver, comer e gozar.

Abre un novo prazo de inscrición para o servizo de Madrugadores

O Concello de Friol continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2023-2024, dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9.45.



Con este programa, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa inte-

resada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 € por todo o curso escolar.

Pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.

Novo éxito da festa da Xuventude

Friol colleitou un novo éxito na celebración este venres 25 de agosto da Festa da Xuventude. A velada deu comezo ás 21.00 horas cunha gran churrascada e pancetada no Parque Rosalía de Castro, con pan e bebida. A continuación, deu comezo a verbena, na praza Andón Cebreiro, a cargo do grupo Claxxon e a orquestra Player's, que actuaron ata ben entrada a madrugada coa participación da veciñanza.

O rexedor indica que "esta festa celébrase para a xente moza de



Friol, principalmente, aínda que as portas están abertas para todos os veciños e veciñas que

todos os anos achéganse ata a festa ese día, e para calquera persoa que queira visitarnos".

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES
MECANIZADOS



TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS



Y PARA TU JARDÍN...



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

A Rede Museística presenta a programación para o novo curso

Coincidindo coa data de inicio do curso escolar 2023-2024, a Rede Museística Provincial pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso escolar 2023-2024, con multitude de propostas tanto presenciais como virtuais no Museo Provincial de Lugo, no Museo do Mar de San Cibrao, no Pazo de Tor e no Museo Fortaleza San Paio de Narla.

O obxectivo da programación é achegar, un curso máis, o patrimonio conservado nos museos ao alumnado a través dun conxunto de actividades artelladas ao redor do lema "Un país no mapa", que ten como referencia o mapa de Fontán (o Pazo de Tor conserva unha das copias orixinais) e que pretende vincular o patrimonio dos museos ao territorio e á comunidade.

A deputada de Cultura Iria Castro subliñou "o importante traballo que realiza a Rede Museística ano tras ano para crear vínculos coa comunidade educativa e ofrecer propostas e materiais adaptados á aprendizaxe dos máis pequenos e

pequenas, que contribúen tamén a sensibilizar na conservación do patrimonio e da memoria".

A xerente da Rede Museística Encarna Lago explicou que "coincidindo co inicio do curso, reforzamos a comunicación cos centros escolares para ofrecer esta programación e facilitar o traballo do profesorado na planificación do curso".

A programación contempla actividades comúns aos catro museos, como visitas de iniciación guiadas por persoal de didáctica, talleres para afondar no formato artístico do retrato e o autorretrato e propostas sobre diversidade e igualdade de xénero, centrados na obra de mulleres artistas presentes nos museos. Ademais, cada museo ofrece actividades adaptadas aos seus fondos, espazo e entorno. A Rede Museística tamén ofrece a profesorado, alumnado e familias recursos educativos en liña a través da plataforma www.comunidadermpl.es e mantén a fórmula da "maleta viaxeira", coa que se levan as actividades aos propios centros.

Unhas 135 persoas participaron no primeiro paseo turístico do GDR-4



Friol abriu os paseos polas comarcas de Lugo e Terras da Ulloa, un ambicioso proxecto de colaboración entre o GDR-4, Guido Guía e 10 concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

Esta primeira actividade contou con máis de 135 persoas que recorreron a ruta de Friol de tres horas de duración e logo puide-

ron desfrutar dunha degustación de produtos locais e tamén da actuación dunha das agrupacións de música tradicional da zona, Xesta Verde.

Este ciclo de actividades lúdicas e culturais pretende promover o descubrimento da historia, da natureza e das riquezas de todos os concellos, así como promover e promocionar os valores gastronómicos, sociais e de todo tipo. A continuación, celebrouse a seguinte ruta o 9 de setembro en Guntín.

EN BREVE

ROIMIL. A comisión de festas de Roimil, organiza o sábado 23 de setembro unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros onde se incluírá unha cea e actuación musical. Para asistir é preciso anotarse e pode facerse nos teléfonos 619 888 695, 626 821 229, 610 576 459, 678 818 997, 666 170 834 e 666 309 547.



EXCURSIÓN. O Concello convoca unha excursión para o 14 de setembro. A viaxe comeza diante da casa do Concello ás 8.00 e farán unha parada en Frades para almorzar. Dende alí viaxarán ao Barbanza para pasar a mañá, ata a hora de xantar nun restaurante da zona. A continuación do xantar visitarán o pobo de Padrón.

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | CURSO 23/24

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA

MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO MUSICAEDUCA:
APRENDER DIVIERTIÉNDOSE
Único centro autorizado en Lugo

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodologías activas e innovadoras en clases individuales y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS
Música - Baile - Batucada - Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales
heiko@musicaeduca.es
+info 687 582 559

@heikolugo
 @heikolugo

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

EN BREVE

FESTAS. Castiñeira, Seselle, Castriñón e Piñeiros reúnen-se para celebrar as festas na honra a San Cosme e San Damián as dúas últimas fins de semana de setembro e darán comezo o venres 22 cunha verbena amenizada por Dani Pardo e o grupo Beatriz ademais dunha disco móbil. O sábado haberá misa solemne ás 13.00 horas, seguida dunha sesión vermú e verbena con Ángel América e o dúo Pegaso. Ás 18.00 horas terá lugar un campionato de bolos. O domingo 24 a misa será ás 14.00 horas, seguida dunha verbena a cargo do dúo Imagine. A xornada festiva retomárase o sábado 29 cunha verbena amenizada pola solista Ana Sánchez e o dúo Matices. O domingo haberá unha misa ás 12.00, seguida dunha comida veciñal servida polo catering Boa Vista. A sesión vermú e a verbena estará a cargo dos dúos Ciclón e Tropical, ademais de Xilgaros de Lugo e José Manuel de Abanico.

ANDAINA. A Asociación Reigosa convocou para o sábado 30 de setembro a II andaina polos diferentes barrios de Reigosa coa fin de promocionar a contorna máis próxima desta parroquia pastoricense. A saída será do centro sociocultural, ás 10.15 horas, e ten unha duración aproximada de 2 horas e cuarto con dificultade baixa polo que é apta para todas as idades. Ao rematar haberá uns pinchos de balde para todas as persoas que participen nesta actividade.

RECOLLIDA. O Concello procederá os días 18, 19, 20 e 21 á recollida de aparellos domésticos voluminosos porta por porta. Os interesados no servizo deberán chamar previamente (de luns a venres de 1.00 a 14.30 horas) ó teléfono 982 332 197 para informar dos enseres a recoller indicando nome, dirección e teléfono.

O Concello acomete traballos de limpeza e retiran niños de velutina

Traballadores municipais acometen durante esta semana diferentes traballos de mantementos e vías e distintas zonas de servizo do termo municipal. Así, xunto a unha motoniveladora cedida por Seaga, están a limpar as cunetas e o arranxo das pistas de terra en especial nas parroquias de Álvarez e San Cosme de Piñeiro.

Así mesmo continúan coa limpeza de depósitos de auga, captacións de auga, en San Cosme de Piñeiro e Saldanxe; en Crecente a balsa de incendios; e, de novo, en Saldanxe a fonte de Requián.

Por outra banda, a brigada Municipal contra incendios fixo limpeza no depósito de auga e na balsa de incen-

dios de Pousada. Tamén fixeron limpeza na balsa de incendios de Baltar e na ETAP de Fonmiñá.

VELUTINAS. Traballadores do Concello de Pastoriza, coa colaboración da Xunta de Galicia, procederon na xornada estes días á retirada de varios niños de velutina que se instalaron en varios lugares das parroquias de Pousada, Gueimonde, Bretoña, Vián, Lagoa e A Pastoriza.

Estes niños son perigosos e se está procedendo á eliminación dos mesmos en toda Galicia xa que é unha especie invasora. Ademais, recoméndase á veciñanza que notifique a localización dos mesmos para que expertos procedan á súa retirada.



Un destes niños estaba ás portas do colexio de Bretoña e urxía a súa retirada tralo inminente comezo do curso escolar.

Ademais, traballadores municipais xunto cunha motoniveladora, seguen a limpar as cunetas e o arranxo das pistas de terra nos camiños. Nestas últimos días estiveron traballando nas parroquias de Aguarda, Gueimonde, Saldanxe, Crecente e San Cosme de Piñeiro.

ESTRADA. O voceiro provincial do PP, Antonio Ameijide, xunto ao alcalde Darío Cabaneiro, denunciou o mal

estado de conservación de varias das vías de titularidade da Deputación neste municipio.

Antonio Ameijide explica que na Pastoriza comprobaron o "lamentable" das estradas LU-P-0103 (Gontán – Reigosa) e a LU-P-0105 (A Xesta – Cadavedo – Carrizal). "Ambas estradas están totalmente deterioradas e, en varios puntos, intransitables". No caso da LU-P-0103 ten moita importancia xa que é a vía de comunicación de varias parroquias co núcleo da Pastoriza, mentres que no caso da LU-P-0105 é a que conecta o municipio coa autovía A8.

A Deputación repara unha ponte en Rigueira

A Deputación de Lugo comezará esta semana as obras para arranxar a ponte situada á altura de Rigueira, na estrada provincial LU-P-4401, que vai da Pastoriza a Muimenta por Reigosa. Investirá 30.000€ nos traballos para reafirmar a estrutura, que obriga a cortar a vía ao tráfico entre o vindeiro martes e o xoves.

O primeiro día, o martes, haberá cortes alternos nos carrís, permitindo a circulación alternativa, mentres que o mércores e o xoves, a interrupción da circulación será total, polo que se habilitarán desvíos alternativos debidamente sinalizados.

Nesta mesma vía, ao seu paso polo núcleo urbano da Pastoriza, un tramo denominado Avenida Principal, a Deputación acometeu recentemente unha importante actuación cun investimento de 350.000€ para a dotación de novas beirarrúas, rehabilitación do firme, nova sinalización e melloras no alumeadado. Así mesmo, con anterioridade destinou preto de 300.000€ á rexeneración do aglomerado por tramos e na reposición da pintura nos preto de 11 quilómetros desta estrada, mellorando a súa seguridade e comodidade de xeito integral.



VERTEDOIRO. Despois de dous meses de rigor, o PSOE fixo a primeira queixa pública ante a nova xestión do goberno popular denunciando un vertedoiro ilegal cerca de Luxilde. Os socialistas declararon que "mantener limpo o noso concello é responsabilidade de todos. O equipo de goberno ten que asumir a súa responsabilidade denunciando e limpando estes puntos negros". Castro, da parroquia da Graña.

CONSTRUCCIÓN

Servicio de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de una tonelada para traballos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA
- ELECTRICIDAD
- COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES
- RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS



Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional



AVDA. GALICIA 11 - VILALBA
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

Distribuidor oficial y exclusivo en Vilalba de CBD

Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.

Sábados de 9:30 a 13:30h.

Domingos de feria de 10 a 14h.

guitiriz

O Concello destina 17.000 euros a axudas para o curso escolar

Guitiriz destina un orzamento de 17.000 euros para financiar as súas liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2023-2024.

Está convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas no concello de Guitiriz, que teñan menores ao seu cargo matriculados en centros públicos de grao Educación Infantil (2o Etapa, de 3 a 5 anos), BAC, ESO; así como matriculados en ciclos formativos ou universitarios.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 13 de outubro. A documentación e as bases cos requisitos de participación poden obterse na páxina web municipal www.concellodeguitiriz.com ou de xeito presencial no Rexistro da casa consistorial.

A liña de axudas ao material escolar; dirixida ao alumnado de educación

infantil (2a etapa de 3 a 5 anos), e bacharelato (residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais ou de fóra); co obxectivo de cubrir as necesidades de material didáctico, librería e/ou reprografía así como dispositivos adaptados a nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Para os rapaces e rapazas universitarios ou que cursen ciclos formativos habilitase unha liña para financiar as súas necesidades de desprazamento, tanto ao lugar onde realizan a formación como de transporte interurbano se fose o caso.

Co obxectivo de salvar a fenda dixital existente no rural habilitanse dúas liñas. Por unha banda, axudas para a mellora da conexión dixital para que o alumnado de 5o e 6o de primaria e o da ESO poida acceder a contratos de liñas WIFI, de subministro de datos ou doutros dispositivos existentes no mercado.

Pola outra, para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos (ordenadores, portátiles ou tabletas) dirixida ao alumnado de 4o da ESO e bacharelato empadroado en Guitiriz.

Estas liñas de axuda son incompatibles entre elas, é dicir, cada estudante só poderá optar a unha delas. O obxectivo final destas axudas é favorecer a integración sociolaboral de pais e nais nos titores/acollidos, apoiando á unidade familiar que, por carecer de recursos económicos, pode asumir o custo do servizo.

Estas axudas enmárcanse dentro da Liña 3 "Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano". do Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Guitiriz 2022/2023. As axudas irán destinadas ás familias, tendo en conta o poder adquisitivo do concello e serán compatibles con calquera outra que reciban polo mesmo concepto.

EN BREVE

MATERIAL SOLIDARIO. Con motivo de axudar a todas as familias no comezo do curso, A Peña Deportivista de Guitiriz organiza unha nova recollida de material escolar, na que se poderá participar ata o 14 de setembro. As persoas que queiran doar material escolar poderán facelo acudindo á Xoldra Guitiriz e a Jorge Montero Fisioterapia. Todo o acadado entregárase ós directores dos centros de ensino público.

UNED SÉNIOR. Ata o venres 22 de setembro está aberto o prazo para inscribirse no curso 2023/2024 da UNED Sénior de Guitiriz. A actividade, dirixida a persoas maiores de 50 anos independentemente da súa formación, oferta para este curso as materias de música e inglés. Todas as persoas interesadas poden formalizar a súa matrícula no Concello.

O Concello oferta clases de natación e tenis

O Concello de Guitiriz oferta para este curso clases de natación e tenis a través dun acordo establecido co Centro Deportivo D10 de Outeiro de Rei polo que as persoas empadroadas no municipio terán un desconto nas tarifas destas actividades. No caso de natación, dirixida a persoas maiores de 3 anos de idade, faranse catro grupos que terán as súas clases, de 45 minutos de duración, todos os luns. O prazo de inscrición rematará o 25 de setembro. As persoas que xa estean indo poden anotarse tamén para aproveitar o desconto e as que queiran ir noutro horario diferente do establecido poden anotarse e quedarán pendentes de dispoñibi-



lidade do centro.

A actividade de tenis está dirixida a persoas maiores de 4 anos. Todas as persoas que se anoten antes do 15 de setembro terán gratis os meses de outubro e novembro. As que se inscriban despois do 15 de setembro e antes do 15 de outubro, terán gratis o mes de novembro.



Billetes, Abadín
Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 216m² 52.000€

La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.

Campelos, Vilalba
Fincas rústicas | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² 350.000€

En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja esta la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

Augarroibas 13, Xermade
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 326m² 150.000€

En Cazás, Municipio de Xermade (Lugo), a unos 12 km de Vilalba, se vende una vivienda rural de unos 155 metros cuadrados, que precisa reforma. Además de la casa hay otras construcciones dentro de la finca, pazo, hórreo y la finca del circundo tiene unas 2 hectáreas con árboles centenarios. La propiedad tiene más terreno en las proximidades por si el comprador lo precisase.

Grupo As Fontiñas 2, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 1 Baño | 100m² 45.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios.

Grupo As Fontiñas, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 114m² 59.000€

En Vilalba (Lugo), en las proximidades de los colegios, ofrecemos en venta un piso de cuatro dormitorios, salón-comedor, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual de gas y de garaje en el mismo edificio. Se trata de un piso segundo sin ascensor.

Chao Ledo 1, Vilalba
Local | 180m² 110.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende entreplanta muy céntrica, está dividido en varias dependencias; pero es fácil su remodelación si el negocio que se quiere montar precisa otra distribución. El local dispone de calefacción de gas ciudad. El acceso al local se hace a través de una escalera; pero hay espacio suficiente para un elevador si fuese preciso.

Penelas, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 288m² 52.000€

Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.

Muras 2, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m² 65.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

Calle Nova 18, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 124m² 72.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, la casa tiene una superficie, repartida en dos plantas, de 124 metros cuadrados. A mayores hay un almacén de unos 90 metros cuadrados más y la parcela tiene un total de 414 metros cuadrados.

Campo de Ponte 100, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 125m² 72.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo, y Ferrol y 45 minutos de A Coruña y de la costa lucense se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, despensa y terraza. Dispone de ascensor y de trastero.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

Avda. Villalba, 6 - bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

O Mago Antón será este ano Chairego de Honra



A Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María nomearán ao Mago Antón Chairego de Honra 2023. O homenaxeado, natural da localidade de A Meda en Castroverde, reside actualmente no concello chairego de Castro de Rei e ten moita vinculación con terras chairegas, en especial co desaparecido Xosé Manuel Carballo.

O acto de homenaxe será o sábado 16 de setembro ás 12.00 horas na Casa da Cultura de Castro de Ribeiras de Lea. Neste acto, que será dirixido por Xulio Xiz, intervirán o

escritor Xoán Cuba, o mago Román García, o poeta Ramón Mayrata e o mago David Méndez.

Despois do acto de homenaxe haberá unha polbada na carballeira do campo da feira amenizada por gaiteiros e servida por Gutier Domingos, de Melide, que obtiveron o primeiro premio de polbeiros no VIII Galicia Forum Gastronómico. Para o xantar hai que recoller o vale, que ten un prezo de 25 euros, na propia caseta do polbo. Será preciso inscribirse no teléfono 646 413 890.

O Concello licita as bases para a mellora de varias vías municipais

O Concello licita o contrato de obras de mantemento e mellora de vías municipais de acceso ás localidades de Vacariza, Barxa e Carballosa, que vai consistir na limpeza de cunetas, rexeneración e/ou pavimentación de varias vías municipais. Os vias sobre os que se pretende actuar localízanse nas parroquias de Loentia, Santa Locaia e Mos.

O prazo de execución do proxecto vai ser de 2 meses e vai contar cun orzamento de 104.392,75 euros a cargo do Plan de Mellora de Camiños Municipais do Agader. O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo.

Realizarase a limpeza e reapertura das cunetas, con motoniveladora ou retroexcavadora, para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar a súa acumulación, así como a limpeza da superficie de pavimento existente con varredora e cepillo.

Colocaranse pasos salvacunetas e obras de drenaxe transversal das vías nos puntos indicados en planos



e orzamento da obra e previamente á execución da capa de aglomerado en toda a superficie da vía e debido ao estado actual da mesma prevese unha regularización con aglomerado en quente tipo D-12 cun espesor aproximado de 1 cm, nas partes máis deterioradas. Determinase unha superficie con necesidade de regularización previa do 10% total da superficie de actuación.

CORTACÉPEDE, Tamén licitou o contrato para a adquisición dun

vehículo cortacésped destinado á protección do medio ambiente e do espazo natural e outras tarefas enmarcadas no exercicio das competencias propias do concello.

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. Este conta cun orzamento total de 36.300 euros.

A BFAero recibe 144 propostas de participación de 26 países

Un total de 144 propostas innovadoras do sector aeroespacial no segmento dos vehículos non tripulados son candidatas a entrar na 5ª edición da Business Factory Aero (BFAero), o programa de incubación, aceleración e consolidación de proxectos empresariais do Polo Aeroespacial de Galicia. Trátase do mellor rexistro obtido nas cinco convocatorias e supón un 63 % máis que a edición anterior, na que se recibiron 88 candidaturas.

A directora da Axencia Galega de Innovación, Patricia Argerey, deu a coñecer o balance das solicitudes

recibidas na última convocatoria do programa autonómico no marco da visita á startup Anduriña25, participante no itinerario de aceleración da 4ª edición.

O proxecto de Anduriña25 é unha nave híbrida con capacidade de despegue vertical (VTOL) e carga de ata 5 kg que permite voar en condicións de fiabilidade, eficiencia e seguridade.

Patricia Argerey felicitou aos responsables de Anduriña25 polos avances no seu proxecto e puxo en valor a traxectoria da startup con este dron deseñado desde cero que se atopa

na última fase de probas e preparado para saír ao mercado en 2024. O seu próximo reto será converterse no primeiro VTOL certificado de clase C3 con hidróxeno e, ademais, ten presentado un ambicioso proxecto á convocatoria do Programa Tecnolóxico Aeronáutico do CDTI en consorcio con outras compañías.

Nesta quinta edición, a Business Factory Aero acadou un importante alcance fóra do noso país, ao recibirse máis de 25 propostas internacionais, consolidándose así o Polo Aeroespacial de Galicia como reclamo para emprendedores de todo o mundo.

Chega a Ribeiras de Lea a primeira Festa dos Ovos Rotos con Chourizo

A Asociación de veciños de Ribeiras de Lea celebra o 30 de setembro a primeira Festa dos Ovos Rotos con Chourizo e Feira de Artesanía nesta localidade de Castro de Rei.

A xornada festiva vai consistir nun xantar popular con empanada, ovos rotos con chourizo, sobremesa, gotas e bebidas por 20 euros; ademais dunha feira de artesanía co seu taller, xogos e música tradicional, un pregón e sesión vermú. A partir das 16.45 horas haberá música.

Os tickets para ese xantar popular



pódense adquirir chamando aos teléfonos 617 710 532 ou 647 710 736 ou nos locais colaboradores en Castro Ribeiras de Lea, bar A Carballeira e Piensos Fulgencio e con cada ticket regalárase un prato conmemorativo.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
REVUELTOS DE BARRIL ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

O colexio conta cun novo servizo de conciliación

En vista do éxito do ano anterior, o colexio de Meira conta cun novo servizo de conciliación familiar neste curso 2023-2024, para aquelas familias que o necesiten antes da entrada do colexio ou á saída.

O Concello, sabendo a importancia que ten a conciliación, dispuxo este servizo de forma gratuíta para as familias dos colexios e, para iso, contou coa axuda da dirección do centro e da propia asociación de pais.

O horario será polas mañás, de 7.30 a 9.10 horas e polas tardes, de 14.45 a 17.30 horas e poden asistir todos os rapaces dende 4º de infantil ata 6º de primaria. Hai xa 28 rapaces apuntados.

Desde o Concello, queren dar as grazas ao colexio e ao ANPA polo apoio e a confianza depositada.

ESCOLAS DEPORTIVAS. O Concello de Meira abre o prazo de inscrición



para as actividades das escolas deportivas municipais, que terán lugar desde o mes de outubro ata o mes de maio, despois da xornada escolar. As primeiras actividades previstas son as de patinaxe, atletismo, fútbol sala, baloncesto e multideporte, seguindo a liña de anos anteriores, nos que foron as máis solicitadas.

Reforzan a rede eléctrica do parque empresarial



O consello de administración da empresa pública Xestur autorizou a execución dos traballos de reforzo de instalación da rede de distribución para o subministro eléctrico ás parcelas que resulten da futura urbanización do Polígono C do parque empresarial de Meira, na provincia de Lugo.

Esta obra de reforzo da rede eléctrica terá un custe de 52.160,45

euros. Actualmente Xestur está redactando o proxecto de urbanización da fase C do parque empresarial de Meira, que ocupará unha superficie de arredor de 24.000 metros cadrados.

A obra permitirá garantir un subministro eléctrico de calidade á ampliación do parque empresarial, cuxo proxecto de urbanización están en redacción.

EN BREVE

TALLER DE MEMORIA. O Concello de Meira organiza un obradoiro de memoria para adultos que se desenvolverá todos os mércores de 10.00 a 12.00 horas. Esta actividade ten aberto o prazo de inscrición e admitirá un máximo de dez persoas por grupo e un mínimo de 5. As clases, que serán gratuítas, está previsto que dean comezo no mes de outubro. As persoas interesadas en anotarse poden facelo no teléfono 629 302 039.

CINE NA RÚA. Os habituais mércores de Cine en Meira, organizada pola Academia Galega do Audiovisual e máis a Deputación de Lugo, farán unha paréntese á espera de poder proxectar o último dos filmes O corpo aberto, película dirixida por Ángeles Huerta. Desde a organización avisan que, en breve, informarán do día e hora no que fixarán esta proxección.

Antía Cal e Raúl Galego reciben as Mans da Irmandade en Meira

A Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos celebrarán este sábado 23 de setembro un ano máis a Festa da Afirmación e Dignidade en colaboración co Concello.

O acto, que se celebra no Pedregal de Irimia terá lugar ás 12.00 cunha lectura do resumo do Manifesto da Afirmación e Dignidade, que se entregará en impresión abreviada, da autoría de Baldomero Iglesias Mero. Como todos os anos van a compartirse simbolicamente manifestos e proclamas de distintos colectivos da

defensa da liberdade, da natureza e reivindicacións da Asociación Avelino Díaz. Esta celebración anual reivindica o simbolismo e a paisaxe do Pedregal "e o nacemento do pai dos nosos ríos".

Este ano as Mans da Irmandade, obra de Manolo Pardo, son para o gaiteiro Raúl Galego, Gaiteiro Nubeiro, en representación da cultura tradicional; e para Antía Cal, que foi un referente de dignidade nos eidos da Cultura, do Ensino e da historia. Máis tarde haberá un xantar.



Meira contará con ximnasia para adultos a partir de outubro

O Concello de Meira contará cunha actividade de ximnasia de mantemento para adultos que se desenvolverá os luns e venres pola mañá e os martes pola tarde.

Esta actividade ten aberto o prazo de inscrición e admitirá un máximo de dez persoas por grupo e un mínimo de 5. As clases, que serán gratuítas, está previsto que dean comezo no mes de outubro.

As persoas interesadas en anotarse poden facelo no teléfono 629 302 039 ou na casa da cultura local.



Están previstos dous grupos os luns e tamén os venres, con dúas clases dunha hora, unha de 10.00 a 11.00, e outra de 11.00 a 12.00 horas. Os martes as sesións serán ás 16.00 e ás 17.00 horas e de 17.00 a 18.00 horas.




REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures

EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

O Concello acorda coa Xunta unha prórroga nos saneamentos do gando en setembro

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo Arnejo, publicou un bando no que comunica á veciñanza o acordo ao que chegou coa Xunta para evitar os saneamentos do gando ata o 24 de setembro.

Segundo explica, despois das numerosas queixas de gandeiros e gandeiras chamados para facer o saneamento antes da Feira do Poldro, o que impedía asistir á mesma ao non contar coa Carta Verde, desde o Concello contactouse coa Xunta para buscar unha solución.

Chegouse a un acordo polo que, entre o 4 e 24 de setembro, non se farán saneamentos e quen fose chamado para facelo, deberá chamar ao Concello, dar nome do titular e número de REGA da explotación para cambiar a data.

Con esta medida garantízase a asistencia á Feira do Poldro, que terá lugar os días 23 e 24 de setembro nesta localidade.

A Balsa está de festa o 7 e 8 de outubro

A localidade de Balsa, en Muras, celebrará a primeira fin de semana de outubro as súas festas na honra á Virxe do rosario.

O sábado, haberá misa solemne pola mañá, a partir das 13.30 horas, seguida da tradicional procesión. A sesión vermú estará ao cargo do grupo Magos e, polo noite repetirán estes xunto a Metrópolis. O domingo 8 a misa abrirá de novo a programación á mesma hora. Non faltará tampouco a procesión e a sesión vermú, que estará ao cargo do grupo Fénix, coa que rematarán as festas.

A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

As festas están organizadas pola Comunidade de Montes e Man Común da Balsa, que contan coa colaboración do Concello de Muras.

Muras prepárase para disfrutar dunha Feira do Poldro con máis premios

Muras celebrará o domingo 24 de setembro a trixésimo quinta edición da Feira do Poldro e do Gando de Monte, que promociona a tradición gandeira do concello e do Xistral e concentra unha parte importante do gando cabalar do país.

A feira abrirá ás 10.00 horas coa cualificación do gando. Serás ás 11.00 horas cando se inicie o concurso morfolóxico de Puraga ao mesmo tempo que abrirá a exhibición de escultura de madeira con motoserra.

Ao mediodía degustarase como todos os anos a hamburguesa Gañidoira de carne de poldro xunto coas carreiras de cabalo marchador. Pola tarde terán lugar as carreiras da asociación Atila (ás 15.45 horas), que este ano serán só de andadura.

Rematará a sesión coa entrega de premios, sobre as 19.00 horas. Haberá premios en metálicos para os cinco primeiros clasificados con alzada superior a 1,50 e outros tantos para os de inferior a esa medida. Oscilan entre os 150 dos primeiros a 30 dos terceiros.

Catro premios tamén para a mellor cría de cabalos do ano, o mellor semental bovino, mellor lote bovino, mellor cría bovina, mellor semental cabalar, mellor egua, mellor lote cabalar e maior número de cabezas de gando. O montante será de 150 euros para os primeiros, 100 para os segundos e 75 para os terceiros.

Ademais haberá cinco premios de entre 300 e 75 euros para o que presente o maior número de cabezas de gando.

Os premios están ao cargo do Concello de Muras e serán en-



tregados en cheque.

Ademais, están previstas outras actividades infantís de balde como un bautismo hípico de 12.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas, e inchables e toro mecánico de 11.30 a 14.30 horas. Non faltará tamén a animación musical durante toda a xornada. Completarase a programación tamén cunha exhibición de maquinaria antiga.

XORNADA DO SÁBADO. Nesta ocasión, haberá tamén actividades a xornada previa do sábado. Así, está previsto que se realice, ás 20.00 horas outra degustación de hamburguesas de carne de poldro, ao que seguirá unha sesión de xogos rurais a cargo da asociación Atila.

De feito o Concello quixo facer público o seu agradecemento a esta asociación polo seu apoio para sumarse e colaborar con todas as actividades que se organizan durante o ano. De feito, farase unha pequena homenaxe na feira a Atila.



A Deputación renova o convenio coa Fundación Manuel María

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo renova a colaboración coa Fundación Manuel María, dedicada a manter o legado e a memoria do poeta chairego.

A deputada de Cultura Iria Castro e o presidente da entidade Alberto Ansedede asinaron o convenio de colaboración que dá un apoio económico estable á actividade que desenvolve durante o ano, centrada na Casa Museo Manuel María.

Este espazo, que acolle a biblioteca, manuscritos e obxectos persoais de Manuel María, serve, ademais, como lugar de referencia para dar a coñecer a súa figura e obra grazas a unha ampla axenda de actividades e intercambios culturais e a creación

de recursos especialmente para as xeracións máis novas.

Durante o encontro, Alberto Ansedede conta da recente edición de biografías ilustradas e guías de lectura adaptadas para público novo e da creacións de dous xogos de mesa baseados na poesía de Manuel María. Iria Castro valorou o esforzo da Fundación Manuel María por buscar fórmulas para manter entre as xeracións máis novas o vínculo intelectual, literario, pero tamén emocional que moitas e moitos de nos temos cun escritor que nos levou ás primeiras lecturas en galego"

A área de Cultura achega 50.000 euros para gastos de funcionamento e actividade da Fundación.

Redecinema de FalaRedes

Presentaron o programa Redecinema, unha proposta de cine en galego ao aire libre coa que a Xunta de Galicia amplía a oferta de ocio para este verán dentro do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2023. Ten o obxectivo de "achegarlle o cine en galego á xente e dunha maneira especial á xente nova, que se move moito máis no ámbito da cultura audiovisual; e tamén é importante que as propostas de ocio en galego estean na rúa, onde se vexan ben e

onde todo o mundo poida gozar delas".

Redecinema é un ciclo de proxeccións de filmes en galego en formato cinema de verán (ao exterior e con gran pantalla) que viaxará por 18 concellos membros da Rede de Dinamización Lingüística durante os meses de estío. O primeiro pase foi no Concello de Negreira e en Outeiro de Rei chegará con *A galiña Turuleca*, que poderá verse na praza da vila o día 22 de setembro, ás 22 horas.



outeiro de rei

San Pedro de Arcos celebra o Ecce Homo e Francos as patronais

A localidade de San Pedro de Arcos, en Outeiro de Rei, inicia mañá, xoves, as festas na honra do Ecce Homo e da Virxe das Angustias.

As celebracións arrancarán cunha misa ás 11.00, á que seguirá a tradicional bendición dos animais e ás 13.00 haberá un novo oficio relixioso.

As celebracións continuarán a fin de semana, de novo con misa ás 13.00 horas e sesión vermú a cargo de trío D'Nika, que tamén estará na verbena xunto ao dúo Estrellas.

O domingo haberá misas ás 10.00, 11.00, 12.00 e 13.00 horas na honra á Virxe das Angustias. A sesión vermú estará a cargo da orquestra Steereo, que, xunto a Trío D'Nika, fará a sesión de tarde-noite que porá fin ás celebracións.



FRANCOS. O vindeiro sábado 23 e domingo 24 a localidade de Francos, en Outeiro de Rei, celebra as súas festas na honra a San Benito.

O sábado, ás 13.30 horas, haberá unha misa solemne, procesión e sesión vermú co dúo Elixir que, ademais, será o encargado de amenizar a verbena da noite xunto a Judith Cundíns.

O domingo, tamén haberá misa solemne, procesión e, para rematar, sesión vermú co trío Merengue.

Ademais, o venres 22, ás 20.30 horas, haberá unha sesión de cine no local social a cargo de Cine na Palleira.

Convocan a VI edición do premio de poesía Torre de Caldaloba

O Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ convocan a VI Certame de Poesía Torre de Caldaloba.

Esta iniciativa está deseñada co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e fomentar a creatividade e estimular a creación poética.

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A organización deste certame estableceu unha soa categoría, para maiores de 16 anos e o gañador recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra, e o segundo premio levará un accésit e a publicación da obra.

As bases contemplan un límite de entre 300 e 600 versos con tamaño de letra 12 puntos e arial. Para todos os interesados en presentar propostas, o prazo estará aberto ata o 22 de outubro.

Os requisitos para valorar as obras serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é



totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario, no Concello de Cospeito sito en avenida Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo; ou por sede electrónica.

O fallo será dado a coñecer con data 22 de novembro de 2023 a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 2 de decembro de 2023.

Destacan nas bases o feito de que non poderán presentarse os gañadores das últimas dúas citas.

Asubíos da Chaira abre o prazo de inscrición nos obradoiros e cursos para o outono e inverno

O colectivo Asubíos da Chaira abriu o prazo de inscrición para o próximo curso, prazo que permanecerá activo ata o día 20 deste mes.

Esta formación está dirixida a persoas a partir de 2 anos e sen límite de idade que poden aprender no grupo a tocar a gaita, pandeireta,

acordeón, tamboril, bombo ou mesmo as cunchas e culleres. Ademais tamén se imparten clases de baile tradicional.

Os interesados en inscribirse poden facelo a través do teléfono 628631557 ou nas redes sociais do grupo.

Realizarán obras no centro de saúde da Feira do Monte por máis de 70.000 euros

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e o alcalde de Cospeito, Armando Castosa Alvariño, asinaron un convenio de colaboración para executar obras de reforma no centro de saúde. As obras contarán cun orzamento de máis 70.000 euros e consistirán no pintado da fachada e marquesiña de acceso e protección da entrada, na revisión e arranxos de canalóns e substitución de baixantes, e na preparación da pista de acceso lateral ao edificio e da plataforma de aparcamento para persoal do centro.

A Xunta continúa colaborando cos concellos que manteñen centros de saúde de titularidade municipal. Así, desde o 2017, a distribución que a Xunta fai do Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local inclúe a previsión de compensar os custos de mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal.

No orzamento para este ano, a Xunta reforzou unha vez máis o seu apoio a estas entidades locais e incrementou ata os 2,6 millóns de euros a partida-un 8%. En particular, o concello de Cospeito recibiu no 2022 a cantidade de 22.506 euros para financiar o mantemento da instalación sanitaria. Con isto, a Xunta ten destinado, desde 2017, máis de 15 millóns de euros a financiar os gastos de funcionamento de 156 centros de saúde de titularidade municipal.

Na provincia de Lugo, nos últimos anos puxéronse en marcha novos centros de saúde como o de Carballedo, Sarria, Monterroso e O Saviñao, e as reformas do de Palas de Rei, Outeiro, Pantón, Xermade, Portomarín e Friol.

Un terzo das actuacións foron en centros de saúde de titularidade municipal, nos que a Xunta achega fondos para cofinanciar a obra.

Organizan un curso de gancho e unha viaxe a Cantabria

A Asociación Cultural Aquilino Iglesia organiza un curso de gancho da man de Canto's Artesanía. Esta actividade terá lugar os mércores de 16.00 a 18.00 horas desde o 13 de setembro ao 28 de febreiro no local social de Muimenta.

Para inscribirse hai que acudir á mercería Teresa e a inscrición será por orde de chegada. As prazas son limitadas, haberá grupos de 10 ou 12 persoas e, no caso de alta demanda, crearase un segundo grupo. O prezo será de 25 euros ao mes para socios e 30 euros para non socios. O primeiro pago realizarase coa inscrición na mercería e o resto o primeiro mércores de cada mes cando algunha persoa da directiva acuda a clase.

VIAXE A CANTABRIA. A Asociación

Mulleres Rurais Cousas Nosas de Cospeito organiza unha viaxe a Cantabria para a fin de semana do sábado 30 de setembro e do domingo 1 de outubro.

A xornada dará comezo ás 7.30 horas diante do concello e dalí partirase ata Comillas, onde pasarán a mañá e despois do xantar sairase dirección Santillana del Mar para pasar alí a tarde e a mañán seguinte ata despois do xantar, que partirán rumbo a Cospeito con parada de novo en Comillas.

O prezo da viaxe é de 180 euros por persoa para os socios e de 200 euros por persoa para os non socios, cun suplemento de 38 euros para os que desexen unha habitación individual. Todas as persoas que queiran apuntarse teñen ata o 13 deste mes.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

Organizan este mes un taller de musicoterapia

O Concello en colaboración coa Escola Galega de Saúde organizan o próximo 19 de setembro un taller de musicoterapia, totalmente gratuito e dirixido á poboación adulta, cuidadores e cidadanía en xeral.

A musicoterapia é o emprego da música e os seus elementos nun proceso deseñado para facilitar e promover a comunicación, a aprendizaxe e a expresión coa finalidade de mellorar o benestar físico, psíquico, social, emocional e cognitivo das persoas favorecendo deste xeito unha mellor calidade de vida.

O traballo que se realiza nas sesións de musicoterapia baséase nun modelo de atención centrado na persoa, adaptado ás capacidades, habilidades e necesidades de cada individuo. Grazas a esta versatilidade a musicoterapia proporciona beneficios en moi diversos campos de aplicación. Non se requiren coñecementos previos de música. Os interesados e interesadas pódense inscribir ata o 14 de setembro.



ACTIVIDADES SOCIAIS. O Concello contará este ano con actividades socioculturais e deportivas destinadas a nenos/as, mozos/as e adultos/as.

Entre as actividades ofertadas pódense atopar multideporte, natación, tenis, baloncesto, informática, costura, teatro, xadrez ou robótica entre outros.

O primeiro prazo de inscrición xa rematou e publicáronse as listas de admitidos entre o 18 e o 29 de setembro. O segundo prazo vai dende o 8 ata o 19 de xaneiro 2024 e a publicación de admitidos/as será entre o 22 e o 26 de xaneiro.

Convocan as axudas á mellora e construción de vivendas

Xa está aberto o prazo e solicitude das axudas para as obras de conservación, rehabilitación ou nova construción de vivendas.

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencións establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles deshabitados como as obras de nova construción de inmobles destinados a vivendas unifamiliares.

Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas

que leven a cabo a construción ou a conservación e rehabilitación dunha vivenda co fin de destinala á súa residencia habitual e que cumpran as condicións esixidas nestas bases e na correspondente ordenanza reguladora. O destino do inmoble obxecto da subvención como vivenda familiar habitual deberá manterse polo menos durante o período de 5 anos.

O prazo de presentación remata o 31 de decembro.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Begonte utilizando o Anexo Solicitud ou por vía electrónica a través da Sede Electrónica do Concello de Begonte, utilizando o trámite destacado denominado Subvención para obras de conservación e rehabilitación ou de nova de construción.

Abre ao tráfico a ponte de Uriz e comezan as obras en Quitimil

A Deputación de Lugo vén de rematar este xoves os traballos de conservación e mellora da ponte de Uriz, en Begonte, situada na estrada provincial LU-P-5101.

Son unhas actuacións que finalizan antes do previsto e que permiten restablecer o tráfico por este treito de novo dende este mesmo mediodía.

O proxecto, que ascendeu a 44.000€, incluíu a reconstrución de varios elementos que estaban danados, como os tallantes, que protexen as pilas da ponte fronte á velocidade da auga ou dos elementos que esta arrastra. A Deputación de Lugo avanza nos traballos para a conservación e mellora da ponte de Uriz, en Begonte, que forma parte da estrada provincial LU-P-5101. Esta actuación obriga a realizar cortes de tráfico en días laborables en horario de mañá –de 8.00 a 15.00 horas– ata mediados de setembro.

O proxecto, cun investimento que



supera os 44.000€, un prazo de execución dun mes e que foi encargado ao Grupo Bascuas, inclúe a reconstrución de varios elementos danados como os tallantes, que protexen as pilas da ponte fronte á velocidade da auga ou elementos que esta arrastra. A estrutura data de finais do século XVIII e principios do XIX.

QUITIMIL. Pola súa banda, o Concello comezou as obras de dotación de

beirarrúas e zonas de aparcamento en ambas marxes da estrada Lu-P 0801, no tramo urbán do barrio de Quitimil.

Con esta actuación, financiada ó 100% polo Concello de Begonte, renovaranse as canalizacións de auga, saneamento e tamén se contempla o soterrado da liña eléctrica.

O Concello pediu desculpas polas molestias que estas obras poidan ocasionar.

Licitado o proxecto de obra do futuro auditorio de Baamonde

Begonte licitou o contrato que ten por obxecto a execución das obras do Auditorio de Baamonde na súa Fase primeira. Estas obras están destinadas á construción dun Auditorio Municipal na parcela dedicada, ata agora, á Escola Infantil e sita en Baamonde, co obxecto de poder consolidar o Proxecto de Escola de Música/Conservatorio que ven xestionando a Asociación Músico Crisanto, co fin de dispoñer no municipio dunhas instalacións acordadas e axeitadas cos tempos actuais e co servizo a prestar, e que veñen a dar resposta a unha crecente demanda na comarca neste eido educativo, cultural e de ocio.

Considerase como procedemento máis axeitado para a contratación das obras o procedemento aberto e tramitación urgente, por razóns de interese público, con varios criterios de adxudicación.

O prazo máximo de execución da obra do auditorio na súa primeira fase será de catro meses, cun orzamento total de 648.336,47 euros. A construción do futuro auditorio conta co respaldo económico da Xunta de Galicia a través dun convenio firmado entre tres consellerías e o Concello para a súa posta en marcha.

DESBROZADORA. O Concello de

Begonte publicou as cláusulas administrativas para a contratación do proxecto de adquisición dunha desbrozadora de brazo e ferramentas para a corte e poda de árbores e arbustos destinada ao servizo de obras e limpeza viaria.

O prazo máximo de entrega e colocación dos materiais será de 45 días e, ademais, dito prazo contará cun orzamento máximo de contratación de 45.980,00 euros.



ESCOLA DO CASTRO. Continúan coas obras de rehabilitación da antiga escola do Castro para transformala en dúas vivendas de aluguer social. As obras contan cun orzamento de 117.000 euros dos que a Xunta de Galicia aporta 65.000 e o Concello 52.000. Estas dúas novas vivendas sumaranse ás xa existentes en Donalbai e Saavedra.



CAFÉ-BAR
TORRELAVEGA
DESDE 1964

*Xa estamos
de volta*

Os veciños de Órrea inauguran unha área recreativa

O domingo 10 de setembro, a Asociación de Veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea inaugurou a área recreativa situada na fonte do lugar da Casanova, na ribeira do río Mourín e a carón da N-640, aproximadamente no seu fito quilométrico 49.

Trátase dun lugar con grande atractivo paisaxístico, con vexetación autóctona e, obviamente, con auga permanente, tanto a do propio río Mourín como a da fonte da que se serviron os veciños e veciñas do lugar da Casanova ao

longo dos tempos. A paraxe conservouse nun estado virxe que fixo posible que, con adaptacións o menos agresivas posibles, fose preparada como lugar no que veciños/as e visitantes poidan gozar dun lugar único.

As obras de acondicionamento foron realizadas ata por catro empresas especializadas (Xelda-Eido Rural, Construcións Santa Apolonia, Rofer-Servizos Forestais e Antonio Otero Trigo-Servizos Forestais), contaron co financiamento da Deputación Provincial de Lugo,



e foron realizadas nunha masa común cedida para a ocasión polo Concello de Riotorto.

No acto de inauguración estiveron presentes, ademais dos veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea, responsables das catro empresas que realizaron os traballos e representantes de diferentes asociacións e colectivos da comarca.

O acto estará presidido polo Deputado responsable da Área de Promoción Económica e Social, don Pablo Rivera Capón, e polo Alcalde do Concello de Riotorto, don Clemente Iglesias González, ademais da Presidenta da Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba da Órrea, dona Colombina Sobrado Rodríguez.

As festas en Ferrería serán o sábado 23

O sábado 23 de setembro a parroquia de Ferrería, en Riotorto, celebra as súas festas na honra a San Antonio cunha misa solemne ás 13.45 horas. Seguidamente terá lugar unha procesión e sesión vermú a cargo do dúo Belinda que será o encargado de amenizar a verbena, que haberá durante a noite. A festa completaráse cunha comida veciñal, onde volverá actuar o dúo Belinda xunto o dj Bombardeo.

PISCINA. O Concello rematou a tempada de verán cunha festa na piscina. Nesta cita púidose desfrutar de música e dun xantar a base de empanada, churrasco, bebida e sobremesa.

A Aldea de Abaixo recibirá unha achega para a mellora de servizos comunitarios

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou o último trámite administrativo para o pago de subvencións a entidades asociativas que resultaron beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios.

A Agrupación Aldea de Abaixo, de Riotorto, recibirá preto de 5.000 euros para a reparación e mantemento dun depósito de auga neste núcleo rural.

Con este programa a Deputación colabora economicamente con entidades asociativas da provincia,

como agrupacións veciñais, comunidades de augas e de montes, e asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais, para acometer obras en servizos, equipamentos e infraestruturas que inciden no seu día a día, tales como pistas, accesos, locais sociais, traídas de auga, fontes ou espazos públicos comunais.

“Estamos contribuíndo así a mellorar a súa calidade de vida e, desta forma, a fixar poboación no noso rural”, destacou a deputada Pilar García Porto.

O BNG demanda liñas de axudas municipais para estudantes

O BNG pedirá a creación de liñas de axuda municipais para material escolar e para o desprazamento a centros de ensino fóra do concello de cara ao vindeiro curso. A forza nacionalista presentará a proposta no vindeiro pleno municipal, o primeiro ordinario deste mandato, que se celebrará o venres 4 de agosto.

O BNG propón establecer unha liña de axudas para material escolar para alumnado de educación infantil –excluído da convocatoria da Xunta de Galicia– e outra para gastos de desprazamento a centros educativos dirixida a alumnado de Bacharelato, formación profesional, estudos universitarios e centros ocupacional e

vinculada á renda familiar e a distancia ao lugar de estudo.

“Levamos a proposta ao primeiro pleno ordinario da lexislatura, con tempo suficiente para que se contemple nos próximos orzamentos e as familias poidan beneficiarse desas axudas no vindeiro curso”, din.

“A educación de fillas e fillos, mesmo sendo pública, require das familias un esforzo económico para afrontar gastos relacionados co material escolar e o desprazamento a centros educativos. Se ben corresponde á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado dispoñer e dotar suficientemente axudas que garantan a igualdade de oportunidades no acceso

á educación en todas as etapas, ao tempo que asumimos como propia esa reclamación a outras administracións, consideramos que o Concello de Riotorto debe contribuír, na medida das súas posibilidades, a esa igualdade con liñas de axuda propias e compatibles con outras, como fan outros moitos concellos”, recolle a proposta.

A moción subliña que “este tipo de axudas se fan máis necesarias no rural pola escaseza de alternativas de transporte público e a política educativa da Xunta de Galicia que restrinxe as especialidades nos centros do rural e concentra a oferta formativa nas capitais”.



ENCONTRO
INTERNACIONAL
DE TORNEIROS DA MADEIRA

15/16/17 SETEMBRO 2023
XERMADE • LUGO

STEWART FURINI
JEAN CLAUDE CHARPIGNON
FRANCISCO BOYERO
LOLO CASTRO

[+ INFO]

encontrodetorneiros.org





PISCINAS MUNICIPAIS. As piscinas municipais duplicaron este verán o número de abonos familiares e as entradas diarias con respecto ao verán do ano pasado grazas á serie de melloras. Este ano contratáronse tres socorristas para poder facer un uso continuado das piscinas, arranxouse o vaso e as bombas de depuración deterioradas, habilitouse mobiliario nos vestiarios e no exterior para facilitar o uso das instalacións, colocáronse parasóis para cubrir a falta de sombras, instalouse unha carpa para o control de acceso e para o uso dos socorristas e leváronse a cabo traballos de limpeza e acondicionamento, así como a realización dun mural moi colorido.

Os socialistas piden explicacións por unha tala de árbores

Os socialistas veñen de pedir explicacións ao Goberno local por “o que consideramos unha agresiva poda realizada polo Concello a pasada semana nos carballos situados no campo da feira, en pleno verán e ás vésperas das festas patronais da localidade”.

Segundo informan, veñen de presentar un escrito no rexistro municipal mediante o cal solicitan documentación sobre “esta actuación que pensamos pode levar consigo danos irreparables nestas especies arbóreas de patrimonio público”. No documento presentados solicitan á alcaldes “un informe do técnico fo-



restal que recomendou realizar esta poda porque consideramos que se trata dunha práctica abusiva e desmesurada”, sinalou Martínez.

A Casa das Insuas acolle un taller sobre as paisaxes sonoras

A fin de semana do 23 e 24 deste mes celebrábase na Casa das Insuas un obradoiro de gravación de paisaxes sonoras e narración documental impartido por Laura Romero.

A actividade dividirase en varios bloques horarios. Haberá un bloque de mañá, de 11.00 a 14.00 horas; un bloque de tarde, de 16.00 a 20.00 horas e un bloque nocturno, de 22.00 a 23.00 horas, que consistirá nun paseo e nunha serie de grava-

cións nocturnas. Esta última trátase dunha actividade voluntaria.

O domingo só haberá dous bloques horarios. O primeiro de 10.00 a 14.00 horas e o segundo de 16.00 a 19.00 horas.

Para inscribirse é necesario facelo a través da web, onde pode atoparse, a maiores, toda a información necesaria. O custe da inscrición é de 85 euros e so haberá 12 prazas dispoñibles.

A unificación de dúas aulas provoca un conflito no colexio

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Otero Pedrayo convocou varias mobilizacións contra a decisión da Consellería de Educación de unificar as aulas de 4º e 5º curso cara o próximo ano lectivo.

O colectivo considera esta decisión “totalmente perxudicial para os pequenos” xa que se trata da unión de dous cursos de distinto ciclo onde, ademais, hai rapaces con necesidades especiais que lles resultaría máis custoso o cambio.

A alcaldesa de Rábade, Reme González, e o tenente de alcaldesa, Luis Novo, mantiveron unha xuntanza de traballo coa xefa territorial de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Sagrario Sánchez, para tratar con ela a decisión da Xunta de unificar as aulas de 4º e 5º de primaria do CEIP Otero Pedrayo.

A xefa territorial explicoulle ao equi-



po de Goberno do Concello de Rábade que se trata dunha situación puntual e que hai alumnado suficiente nos outros cursos como para que se poida desdobrar nun futuro máis ou menos próximo, ademais, lles explicou que existen moitos outros centros nos que pasa o mesmo e que, no caso de Rábade, hai profesorado suficiente para separar os cursos nas materias fundamentais.

Sagrario Sánchez comprometeuse coa rexedora a que, no caso de producirse incremento de matrícula nese grupo, se estudará de novo a situación.

Remedios González, que participou na concentración convocada pola Anpa diante do centro, trasladaralles aos pais e nais a información facilitada pola xefa territorial para o seu coñecemento.

Dan inicio ás obras de recuperación de espazos públicos



O Concello de Rábade vén de iniciar as obras de recuperación dun espazo da Praza de España que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado.

Segundo indica a alcaldesa, Remedios González, “a partir de agora será un espazo accesible, que deixará atrás unhas instalacións obsoletas e mal coidadas que nos obrigaron a facer unha actuación

de emerxencia en canto obtivemos os permisos pertinentes”.

Así, o Goberno local eliminará o vertedoiro no que se tiña convertido a antiga fonte, reporá as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farolas de fundición, ao tempo que recuperará a zona como espazo público para uso e disfrute dos veciños e veciñas.

A rexedora estima que as obras, moi demandadas pola veciñanza, rematen a semana próxima.

Abre o prazo para inscribirse nas Escolas Deportivas

O Goberno local abriu o prazo para anotarse ás escolas deportivas para o curso 2023-2024.

O obxectivo, tal e como destaca a alcaldesa, Remedios González, “é impulsar a práctica do deporte e fomentar a socialización”.

Para os nenos e nenas, de 4 a 16 anos, ofértanse ximnasia rítmica, tenis de mesa, patinaxe, xadrez, judo, fútbol-sala, balonmán, rugby, atletismo, voleibol, tenis, baloncesto, loita libre e zumba infantil.

No caso das escolas de adultos, ofértanse zumba, tenis de mesa, atletismo, xadrez, tenis, pilates, patinaxe, ximnasia de rehabilitación, ioga, fútbol sala e defensa persoal.

As actividades deportivas levaranse a cabo sempre que haxa un número mínimo de participantes.

As inscricións pódense facer no Departamento de Cultura e Deporte do Concello de Rábade en horario de 09:00 a 14:00 horas ata o 29 de setembro entregando debidamente cumprimentada a inscrición que pode descargarse na web www.concelloderabade.es. As actividades darán comezo o luns día 2 de outubro.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilaalba (Lugo)
Tel: 982516150

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

Xermade volverá exhibir en setembro o mellor da tornería

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, participou xunto ao alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, na presentación do 23º Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que se celebrará do 15 ao 17 de setembro no polideportivo da localidade chairega. Un encontro que contará unha edición máis con destacados profesionais do mundo da tornería, exposicións de obras de artesanía e demostracións en vivo.

A Deputación de Lugo incrementa en máis dun 30€, ata os 9.000€ a achega económica, a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, para a organización desta cita coa que colabora ano tras ano. Rivera Capón destacou o compromiso da institución con este encontro “pola proxección nacional e internacional que supón non só para Xermade, senón para o conxunto da provincia”, pois durante catro días “convértese no referente mundial da tornería, contribuíndo a visibilizar este oficio tradicional e demostrando cada edición que está máis vivo ca nunca”. Así mesmo, xunto á tradición, sinalou o deputado, “estes encontros teñen un compoñente moi importante na innovación, tanto no ornamental como no funcional. O uso da madei-




ra está en auge, e nos últimos anos cada vez é maior a súa presenza en sectores como o da construción”. Destacou o gran potencial da provincia de Lugo no sector madeireiro, que conta case coa terceira parte da superficie forestal de Galicia. Desta forma, engadiu, “debemos apostar por este sector e reforzalo, polo que supón para o noso Produto Interior Bruto, pero tamén polo seu impacto positivo en asuntos transversais como o equilibrio territorial, a loita contra os lumes ou na loita contra o reto demográfico, xa que este sector atrae empresas ao rural e xera novas oportunidades de emprego para a mocidade”, subliñou Pablo Rivera. Este ano, tal e como se anunciou na presentación que tivo lugar na biblioteca municipal de Xermade,

o encontro contará con expertos e profesionais da tornería como o inglés Stewart Furini, o francés Jean Claude Charpignon, o malagueño Francisco Boyero e o galego Lolo Castro. Así mesmo, haberá exhibicións de pezas, demostracións en vivo e puntos de venda de distintos produtos artesanais de madeira. Rivera Capón felicitou ao alcalde polo bo traballo que está a facer o Concello de Xermade e aseverou que esta nova edición “volverá ser todo un éxito”. O deputado animou aos veciños da provincia a achegarse á localidade o próximo mes de setembro e ser partícipes “dunha oportunidade única para desfrutar dun espectáculo en vivo cos mellores artistas do mundo da tornería”.

Continúan as actividades da man de Dinamizartj este mes

Xermade continúa co plan de actuacións do mes de setembro da man dentro do programa Dinamizartj. O sábado 16, ás 18.00 horas no xardín da Biblioteca Municipal de Xermade, terá lugar a actuación do trío Detrés co seu espectáculo Máis Ritmo. Música e humor para todos os públicos, o trío perfecto e mellor combinado: Félix Rodríguez, Olivier

Cano e Óscar Prieto, tres músicos con percorrido e oficio que unen forzas e talentos. O domingo 24 a compañía Mar Rojo Teatro presentará a súa obra Azul e a revolución das cores onde se profundiza no rigoroso esquema social dun formigueiro, a través dos ollos dunha formiga azul que faise preguntas. Terá lugar na Biblioteca Xeral ás 18.00 horas.



Adxudican varias obras e compras no verán

A mesa de contratación permanente nomeada pola Alcaldía de Xermade para as licitacións da súa competencia reuniuse o 9 de agosto para a apertura das ofertas presentadas ás licitacións para a adquisición dunha miniexcavadora (financiada co Fondo de Compensación Ambiental 2023, liña de concorrencia non competitiva) e subministración de contadores de telectura (financiada con cargo ao fondo adicional do FCL da Xunta de Galicia).

Revisada a documentación polos técnicos competentes, a mesa reuniuse de novo o 18 de agosto e acordou declarar deserta a licitación para a adquisición dunha miniexcavadora, dado que ningunha das dúas ofertas admitidas cumprían os requisitos mínimos esixidos no prego; e requirir a documentación á empresa APEX, única que cumpría os requisitos técnicos esixidos na licitación dos contadores de telectura, a fin de que o órgano de contratación lle adxudique o contrato, que debe estar executado o 31 de outubro de 2023. A mesa tamén se reuniu o 18 de

agosto de 2023 a fin de declarar completa a documentación presentada por Jardinería Arce SL, licitador que resultou a mellor oferta presentada á licitación do contrato mixto de subministración e obras Reformado área de xogos infantís en Roupas (Plan Único 2022). Acto seguido, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adxudicou ese contrato, que debe estar executado o 31 de outubro de 2023.

O 21 de agosto de 2023 a mesa de contratación procedeu á apertura das ofertas presentadas á obra Mellora de camiños municipais en Cabreiros, A Poupariña e A Cruz Vella, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024 de Agader. Tres ofertas incorreron en baixa temeraria, polo que se avaliará a documentación que presenten a fin de aceptar ou rexeitar estas proposicións.

O 22 de agosto abríronse as ofertas presentadas ás obras de mellora do pavillón e pista deportiva, financiada cunha axuda da Xunta. A mellor oferta foi a presentada pola empresa vilalbesa Cholo SL.

Presentan un plan de formación para as mulleres do rural

Chega ao Concello de Xermade, da man de Fademur Galicia, o Plan Allen Rural, financiado por Ikea, que ofrece formación e asesoramento personalizado de forma gratuíta. O programa dirixese á creación de emprego e ao dimensionamento das explotacións e as empresas no sector agroalimentario. O proxecto pretende dar resposta ás demandas das mulleres de áreas rurais, especialmente no ámbito da agricultura familiar, que son as que

poden saír beneficiarias deste plan. Así, ademais de asesorar de forma individualizada con sesións de tutorías para cada participante, fará cursos do sector como fitosanitarios, agricultura ecolóxica, dixitalización, xestión de trámites e pilotaxe de drones.

As persoas interesadas en anotarse poden facelo a través do correo xela.bardanca@fademurgalicia.es ou nos teléfonos 689 249 061 ou 881 817 516.



O PSOE pide levar a Pleno os problemas coa atención primaria e outros servizos

O Grupo Municipal Socialista de Abadín vén de solicitar un Pleno Extraordinario para abordar os problemas máis urxentes e preocupantes que sofre a veciñanza de Abadín, como son “o grave deterioro que sofre a Atención Primaria no municipio, o precario servizo de abastecemento de auga e a deficitaria cobertura móbil”.

Así o anunciou o voceiro do PSDeG, Pablo Díaz, quen considera vital que o Concello informe das xestións que fixo para dar solución á falta de médicos e de pediatra no Centro de Saúde. “No ano 2019 os nenos e nenas de Abadín quedaron sen o servizo de pediatría. Dende entón son atendidos por un médico de familia dúas horas semanais, e cando falta non se subs-

titúen as vacacións, nin baixas con outro facultativo”, detalla. Nese sentido, os socialistas demandan unha declaración institucional para solicitarlle á Xunta de Galicia, a administración que ten as competencias en sanidade, que adopte “de inmediato as medidas necesarias para acadar un servizo pediátrico suficiente e de calidade no noso concello”.

Díaz subliña tamén que en menos de un ano se xubiláron dous médicos – un no verán pasado e outro esta primavera- e que esas prazas quedaron baleiras, ninguén as ocupou. “A Xunta non enviou a ningunha persoa a ocupar estes postos de traballo que son fundamentais para prestar unha atención digna e de calidade aos nosos veciños e veciñas”.

Abadín fará o 23 a súa primeira Feira Cabalar

Abadín celebrará a I Feira Cabalar o sábado 23 de setembro no campo da feira de Gontán.

As actividades que se organizarán nesta xornada serán unha ruta a caballo, que terá lugar ás 10.00 horas dende Gontán, un concurso de salto na Roxica, seguida dunha sesión vermú a cargo de Puzzle Animación.

Ás 14.00 horas terá lugar unha comida onde se servirá empanada, callos, churrasco, sobremesa, café e chupito por 26 euros. Os nenos de entre 5 e 10 anos pagarán 15 euros e os menores de 5 no terán que pagar nada. Non é necesario participar na ruta nin vir a caballo para asistir á comida e a venda de tickets será ata o día 17 nos bares Casa de Goás, Niza e O Paso, ou tamén chamando aos teléfonos de Tania (695 888 170) e Edita (605 349 137).

Ás 18.00 horas terá lugar unha xinkana onde haberá que inscribirse o propio día, seguido dunha serie de espectáculos da man de Alyssa Pellei Equestrian Art. Ao remate da actuación, terá lugar a entrega de premios no propio campo da feira e, como colofón, unha verbena a cargo de Puzzle Animación.

Ademais, esta feira, contará cunhas probas de andadura galega, que terán lugar ás 11.30 horas. Esta actividade dividirase en cinco categorías e haberá 4 clasificados en cada unha delas. Os premios oscilarán entre os 150 e os 30 euros. O prazo para inscribirse rematará o 21 de setembro.

Dende a organización lembran que é obrigatorio levar casco e cada participante deberá facerse cargo del mesmo e do seu caballo.



RUTA. O vindeiro 20 de setembro haberá unha andaina polo Camiño Norte de Santiago ao seu paso polo concello. Partirase ás 11.00 horas dende a igrexa de San Cosme de Galgao e rematarase na praza da feira de Gontán unha hora e media despois.

Ao finalizar a andaina agasallárase aos participantes cun diploma conmemorativo acompañado duns aperitivos, na nave de cristal de Gontán. A ruta ten unha lonxitude de cinco quilómetros e é de dificultade media baixa. Para inscribirse hai que facelo no concello, ou no 982 508 021.



MULLERES RURAIS. A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol celebrou unha comida campestre na área recreativa de Mosteiro. No encontro participaron unhas sesenta persoas entre socios e non socios que disfrutaron dun día de diversión acompañados polo bo tempo.

A Festa ao Emigrante acolleu a centos de persoas na Carballeira

A XXXVIII Festa ao Emigrante de Pol reuniu a miles de persoas na Carballeira de Mosteiro nunha xornada festiva e de confraternidade na que participaron tamén o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, asistiu xunto ao alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega.

Esta cita rende “unha merecida homenaxe á veciñanza que tivo que emigrar e fomenta o arraigo a esta vila deles e dos seus descendentes, así como un orgullo de pertenza”, sinalou o representante provincial.

Ademais, trátase dunha celebración que impulsa económica e socialmente a localidade, factores que a Deputación busca reforzar. Nesta edición foi a profesora Hortensia Díaz Blanco a encargada de ofrecer o pregón.

Tamén estivo na comida o delegado do Goberno, Pedro Blanco, quen puxo en valor a figura de



tantos galegos e galegas que tiveron que emigrar en busca de oportunidades pero que sempre regresan á súa terra.

Ademais da comida, houbo festa e verbena toda a tarde con atraccións para os nenos pequenos, charanga para animar a festa e, ademais, Pol acolleu a Eliminatória Copa Federación ás 20.00 horas na que se enfrontaron o R.C. Vilalbés contra o U.D. Somozas da Coruña, que rematou coa entrega do trofeo Concello de Pol.

Os nacionalistas de Pol promoveron tamén un acto de homenaxe na honra aos emigrantes, con motivo das festas ò emigrante.

O acto consistiu nunha ofrenda floral na escultura sita na Carballeira. O escritor Manuel Vázquez leu *As ausencias* do poeta Xesús Bermúdez Tellado. Finalmente interveu Xosé Lois Leirós Gude, voceiro da Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados, para falar das problemáticas actuais dos emigrantes.



RESTAURANTE
PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816

VILALBA - LUGO

982 52 58 65 - 626 23 71 56

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

Isabel Rodríguez estuda en Abadín a implantación da banda ancha

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou en Abadín o novo impulso do Goberno para completar a conexión a banda ancha ultrarrápida na provincia de Lugo con 4,6 millóns de euros. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital vén de lanzar a terceira convocatoria do programa UNICO Banda Ancha que levará a fibra óptica a 2.319 familias e empresas de zonas remotas e illadas de Lugo. "O Goberno de Pedro Sánchez inviste 27,1 millóns na provincia, entre as tres convocatorias do plan, estendendo a fibra a 80.503 fogares e demostrando o seu verdadeiro compromiso para acabar coa fenda dixital, garantindo o 100% de cobertura de acceso a Internet de alta velocidade aos máis de 300.000 lucenses", subliñou Rodríguez.

A subdelegada trasladouse a Abadín para manter unha reunión co alcalde, José María López, a corporación municipal e veciños e veciñas, na que abordaron os avances deste programa no municipio, presente nas primeiras dúas convocatorias do UNICO Banda Ancha, e que achegará a conexión ultrarrápida a 1.566 fogares e pequenas e medianas empresas localizados en 464 puntos do concello onde a día de hoxe non dispoñen desta tecnoloxía.

"Queremos que os nosos municipios estean conectados para que as persoas poidan instalar e desenvolver os seus proxectos de vida, para que a nosa xuventude quede e teña oportunidades e, sobre todo, para



salvaguardar o futuro do noso rural" sinalou Isabel Rodríguez, quen fixo fincapé na necesidade da formación en competencias dixitais dos cidadáns.

Esta edición do programa UNICO Banda Ancha dá continuidade ás postas en marcha en 2021 e 2022 e está destinada a universalizar a cobertura de banda ancha ultrarrápida vía fibra como ferramenta de cohesión social no marco do Plan de Recuperación do Goberno. "Estas novas axudas permiten seguir avanzando co despregamento das infraestruturas necesarias para garantir unha conectividade adecuada a toda a poboación da provincia co compromiso firme de que no 2025 todos os municipios lucenses estean conectados a internet por banda ancha", apuntou Isabel Rodríguez.

No caso de Lugo, ao igual que Galicia, os fogares e empresas beneficiados desta iniciativa atópanse en 'zonas brancas', aquelas que non contan cunha cobertura de redes de velocidade de polo menos 30 Mbps,

nin plans para a súa dotación nos próximos tres anos. "Con este plan asegurámonos de que Abadín e os outros 66 concellos da provincia contan con conectividade de 100 megas na practica totalidade do territorio, facendo fronte ao reto demográfico", engadiu a subdelegada.

VÍA SATÉLITE. A representante do Goberno informou que esta nova convocatoria de axudas para levar a conexión en banda ancha mediante fibra óptica, engádesse á posta en marcha do programa UNICO Demanda Rural que prové a través de Hispasat, de conectividade vía satélite a zonas despoboadas de Lugo. Este plan ofrece a posibilidade de contratar unha conexión de, polo menos, 100 Mbps de descarga a un prezo de 35 euros ao mes para os usuarios, sen gastos adicionais e unha axuda de ata 600 euros para o custo da instalación, cunha cobertura do 100% da poboación naquelas zonas onde non hai acceso a redes fixas de polo menos 50 Mbps.

O Concello licita as obras de reforma do pavillón de Moncelos

O Concello sacou a licitación este mes a obra do pavillón de Moncelos, que consistirá na execución dun peche de vidro nas dúas fachadas que faltan por pechar, de altura variable, seguindo a liña marcada polo peche de bloque actual.

Prevese tamén o tratamento, previo e posterior, dos piares metálicos existentes, sobre os que se aparafusará o novo cerramento.

Previamente á execución do peche de vidro, será necesario preparar os piares sobre os que se aparafusará a nova fachada. Retiraranse as chapas de protección actuais e executarase unha limpeza superficial mediante a proxección en seco de material abrasivo, eliminando case toda a capa de laminación, o óxido visible e as partículas estrañas do soporte.

A obra está financiada pola Deputación Provincial de Lugo integramente cun custe de 96.838,53 euros e cun prazo de execución de tres meses.

CAMIÑOS. O Concello tamén sacou a licitación este mes a obra de pavimentación dos camiños de Labrada, Candia e Fanoi cuxos pavimentos actuais están formados por rego asfáltico deteriorado. Isto é debido a súa antigüidade, ao uso intensivo e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación.

As actuacións previstas para a rexeneración do pavimento destes seis camiños consistirán no estendido

dunha capa de mestura asfáltica en quente tipo AC16 SURF 50/70 D de 5 cm de espesor. Inclúese un 10% de regularización previa coa mesma mestura segundo medicións e orzamento.

Tamén se proxecta a limpeza de foxos para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que produzan danos no pavimento do camiño, así como unha sinal de stop no cruce coa estrada provincial.

A Deputación Provincial de Lugo será quen financie integramente a obra cun custe de e 81.340,69 euros e nun prazo de execución de 3 meses, o cal comezará coa acta de comprobación do reformulo.

ACCESOS. Así mesmo, ten aberta a licitación para contratar as obras para a pavimentación dun viario que da acceso a dúas entidades de poboación da parroquia de Fanoi, A Barqueira e Lindín.

As actuacións previstas para a mellora do pavimento deste camiño consistirán no estendido dunha capa de mestura asfáltica en quente. Tamén se proxecta a limpeza de foxos para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que produzan danos no pavimento do camiño, e se inclúe a sinalización horizontal da vía, así como o repintado do STOP existente no cruce coa estrada provincial.

O prazo de execución das obras é de seis meses e deberán estar rematadas antes dos días 6 de outubro de 2023.

FESTA DO MAIOR. Un total de 400 persoas participaron na I Xuntanza de Maiores celebrada en Abadín, que tivo lugar no pavillón con diferentes actividades. Así mesmo, recoñeceuse aos maiores que participaron nesta sesión. Trátase de Justa Díaz Saavedra, da parroquia de Aldixe, e David Francos Castro, da parroquia da Graña. É esta a primeira celebración dedicada exclusivamente aos maiores deste tipo que se celebra na localidade, onde teñen un centro de día con moita actividade.



PRECIO FAVORABLE
EXCELENTE CALIDAD
ROPAS - PAPELERÍA
JUGUETES - COCINA
ARTÍCULOS DE MASCOTAS
FERRETERÍA...



AVDA. GALICIA 83-85
15320 AS PONTES
T. 881 295 234
FACEBOOK:
DULCE HOGAR GALICIA

RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

TERRA CHÁ

Catro empresas optan ás obras na autovía Ferrol-Vilalba

A Xunta recibiu 4 ofertas de empresas para a xestión do sistema de depuración das augas superficiais da autovía Ferrol-Vilalba, a AG-64, ao seu paso polo concello das Pontes de García Rodríguez.

Mediante este contrato, que suporá un investimento de case 3,8 millóns de euros, levaranse a cabo os servizos de explotación e optimización das instalacións de tratamento físico-químico para corrección do pH das augas superficiais no tramo da autovía á altura de Mariñadela, así como da decantación e separación dos lodos residuais, de modo que no medio natural se garanta pH normal.

Os traballos, que contan cunha duración de 4 anos, iniciaranse o 1 de xaneiro de 2024, ao remate do actual contrato, que vence o 31 de decembro deste ano.

Tras as obras realizadas na construción da AG-64, concretamente no tramo pertencente ao concello das Pontes de García Rodríguez, á altura de Mariñadela, quedaron ao descuberto materiais píríticos cuxa oxidación acentuaban a acidez que xa posúen de forma natural as augas da zona, cos conseguintes efectos na conca do río Chamoselo, tributario do Eume, e no Eume.

Galicia Baleira pide a rápida retirada dos niños de velutina

A Plataforma Galicia Baleira vén de enviar unha carta aberta ao conselleiro de Medio Rural José González Vázquez, para facerlle chegar as “múltiples queixas de apicultores, e de diversidade de cidadáns que están alarmados pola proliferación da avésa velutina”.

Afirmar na súa carta que nas súas queixas a xente explica que para retirar os niños das avésas velutinas, están a tardar moitísimo tempo, e que despois de chamar de forma reiterada en ocasións máis de dúas, tres ou catro veces, esperan un ou mesmo máis de dous meses para que pasen a retirar os devanditos niños.

O PSOE critica o novo retraso na construción da autovía Lugo-Santiago

A portavoz de Infraestruturas do Grupo Socialista, Patricia Otero, vén de denunciar no Parlamento o “cinismo e hipocrísia” políticos do PP e o goberno galego logo de constatar que bloquearon as obras da autovía Santiago – Lugo durante catro meses e medio para acusar ao goberno central dos retrasos durante a campaña electoral.

Otero presentou unha batería de iniciativas parlamentarias logo de facerse público que Augas de Galicia, un organismo dependente da Xunta que regula as concas fluviais, bloqueou dende abril ata o pasado 30 de agosto o permiso para o retanqueo do río Ladrón. Este permiso, solicitado polo goberno central no dito mes de abril, era clave para avanzar nas obras dun viaduto no tramo Arzúa – Melide da A – 54.

A parlamentaria socialista critica a “cara dura política” do PP e do goberno galegos, que empregaron o retraso da obra que eles mesmos estaban a provocar como argumento electoral contra a xestión do goberno central. Lembra que esta infraestrutura, esquecida polo PP-

deG durante o mandato de Rajoy, foi empregada como eixo dunha campaña dende setembro de 2022 terxiversando a realidade dos feitos contra a xestión do goberno central. Patricia Otero censura o empeño do PP en “agochar a súa verdadeira intención de bloquear calquera avance nas infraestruturas” para Galicia e neste caso para a provincia de Lugo con mostras de “política burda de baixo nivel” coa que “o único que conseguen é prexudicar á cidadanía”.

A parlamentaria socialista critica o “desleixo das obrigas e ineficacia administrativa” amosada polo goberno galego, que paralizou o dito permiso ata poucos días despois de que saíra á luz pública, mentres o Ministerio de Infraestruturas comezaba cos traballos de desvío do cauce do río ao día seguinte de recibir o permiso por parte de Augas de Galicia.

Averte que o proxecto presentado a Augas de Galicia en abril previa facer as obras durante os meses de xullo, agosto e setembro, por ser os que teñen mellores perspectivas



climatolóxicas, pero xa será imposible pola incapacidade da Xunta de Galicia. Agora a parlamentaria socialista pídelo á Xunta que “actúe con celeridade”, sinaladamente nas autorizacións que lle corresponden para as obras do Estado en Galicia que precisen de autorización do goberno autonómico.

MÉDICOS. O secretario Xeral do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo, José Tomé Roca, esixe á Xunta de Galicia que active xa o proceso necesario para cubrir a xubilación inminente dunha vintena de médicos nos centros de saúde de 14 concellos, que, cunha poboación superior aos 33.000 veciños en total, “están en risco de quedarse sen cobertura sanitaria”.

Así o manifestou José Tomé, tras manter un encontro, xunto á se-

cretaria de Organización provincial, Pilar García Porto, e o voceiro socialista no Parlamento de Galicia, Luis Álvarez, cos alcaldes, alcaldesas e voceiros do partido dos municipios afectados: Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla e Begonte, que son o practicamente o 21% dos da provincia. Tendo en conta que a “práctica habitual” da Consellería de Sanidade é non cubrir as vacantes por xubilación, como tampouco cubre as vacacións, nin as baixas, “estamos ante unha situación moi grave e preocupante”, resultado da “imprevisión, os recortes e a precarización” que aplica a Xunta na sanidade pública galega dende que governa o PP, subliñou o líder dos socialistas na provincia.

Comeza a instalación de 51 paradas de bus en estradas

A Xunta vén de comezar as obras de mellora da accesibilidade e conectividade de 51 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas ao paso das rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo.

As actuacións, que suporán un investimento de 2,2 M€ inclúen a mellora deste conxunto de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos da provincia.

A través deste contrato, a Xunta procede ao acondicionamento de 30 paradas en Lugo; 5 en Xove; 4 en Castro de Rei; 2 en Riotorto; 2 en Outeiro de Rei; 2 no Vicedo; 2

en Cospeito; 2 en Begonte; 1 en Abadín; e 1 en Meira.

As intervencións iniciadas dotarán as paradas de autobús de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se inclúen obras para facilitar as manobras dos autobuses e favorecer a conectividade das paradas a través da execución de beirarrúas ou sendas peonís.

Así mesmo, reforzarase a seguridade das paradas, tamén con perspectiva de xénero, coa eliminación de vexetación, a mellora da visibilidade e iluminación na súa contorna, e actuarase mellorando a información e a sinalización.

Os centros de saúde da Pastoriza e Riotorto terán enerxías renovables

A Xunta destinará 181.100 euros á incorporación de enerxías renovables nos centros de saúde de Riotorto, Navia de Suarna e A Pastoriza. Estas actuacións forman parte dun investimento de 1,5 millóns de euros para dotar de caldeiras de biomasa a 11 centros de saúde galegos e de sistemas de aeroterminia a outros tres. O contrato foi licitado hai uns días e o prazo de presentación de ofertas rematará o próximo día 22.

Este contrato materialízase a través dun acordo entre o Sergas e o Inega, dependente da Consellería de Economía, Industria e Innovación, que promove a través da Axenda Enerxética Galicia 2023 a integración de enerxías renovables en edificios públicos e facilita o seu cofinanciamento polo programa operativo FEDER Galicia 2017-2020, dentro da súa actuación de fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamen-

to da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables na administración xeral da comunidade autónoma e no sector público autonómico.

Os centros de Lugo dotaranse de caldeiras de biomasa; contan cun orzamento de 59.600 euros para o de Navia de Suarna, 52.500 euros para o de Riotorto e 69.000 para o da Pastoriza.

Neste último instalárase un sistema de pellets de carga automática cunha potencia nominal de 64 kW e un depósito de inercia de 1000 litros, que almacenará enerxía para o circuíto de calefacción. A actual caldeira de gasóleo manterase como sistema auxiliar de apoio. Suporá unha redución do 94% do consumo de enerxía primaria non renovable e do 95% de emisións contaminantes de CO2. Nos outros dous centros a biomasa tamén sosteirá o subministro de auga quente sanitaria.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

“A voz do traballador social ten que estar cando se fala destes temas”

Pablo Veiga combina as súas experiencias como profesional do social e escritor

Por Fernanda Arrojo

Pablo Veiga naceu en Begonte pero leva uns dezoito anos residindo na capital. Está moi vinculado á Terra Chá de nacemento e a Lugo de residencia, concretamente na Piringalla. Combina actualmente o seu traballo en servizos sociais coa súa faciana como escritor. Con tres publicacións xa no mercado, está traballando na cuarta, que conta presentar o próximo ano.

A túa formación é?

Diplomado en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela.

Actualmente traballas en?

Nos servizos sociais do Concello de Friol dende hai vinte e catro anos.

Pero ti tamén es escritor?

Pois é unha afección que teño. Colaboro co xornal TERRACHÁXA, levo máis de cento setenta artigos e os cen primeiros recompíleinos en formato libro, titulado *En cincuenta mil palabras*. Tamén colaboro con semanario israelí en castelán, *Aurora*, cunha columna sobre Santiago de Compostela a Xerusalén, para o que escribo esporadicamente. Nos últimos tempos din un salto cualitativo e cuantitativo, publicando a miña primeira novela, *A marcha de Anxo*. E o ano pasado, no mes de novembro, saíu un diario en castelán sobre a miña viaxe a Israel, fai doce anos, *Crónicas de un gallego en Israel*.

Eu lin ‘A marcha de Anxo’ e decateime que hai moito de Traballo Social nela, non é certo?

A ver, cando a revisei, recoñecín certa deformación profesional e non era a miña intención. Pero, efectivamente, trátase dunha historia, narra-

da dende o punto de vista dun neno de nove anos, que vive nos arredores dunha localidade galega e, sendo o último domingo de agosto, mañá luns, el e a súa familia marchan da barrio, ás aforas da cidade.

E vai dar unha última volta pola zona en bicicleta e, nun radio dun quilómetro, comeza a lembrar personaxes e historias que, dalgún xeito, teñen que ver con el. Así aparece un home con discapacidade, unha señora maior que vive soa, tamén aparecen menores en acollemento, ou situacións de maltrato, persoas con diversidade sexual e, incluso, o caciquismo ou abuso de poder... cuestións directamente relacionadas coa miña profesión. E, sen ser a miña intención, ao final, escribo do que coñezo.

Por suposto, hai moita empatía cos nosos personaxes, capacidade que debe desenvolver un traballador social profesional.

Ben, o máis difícil foi transmitir a ollada dun neno. O tema fundamental da novela é o desacougo, o que significa deixar o coñecido polo descoñecido, tanto para os que marchan, que o deciden voluntariamente, a pesar de ter unha situación favorable, como para os que quedan, persoas que están vinculadas á familia do neno e que se sentirán un pouco desamparadas coa súa marcha.

E sobre todo, nesta novela se fala do rural?

Máis ben dos espazos rurais arredor de calquera vila galega. Non é un entorno rural típico galego. Unha nai que traballa nun supermercado e un pai, ao parecer, que fai teletraballo dende a casa.

Cales son as semellanzas co entorno no que traballas?

Traballo nun concello eminentemente rural, con características propias da Galicia interior: cada vez máis despoboado, xente moi maior (catro de cada dez teñen máis de 65 anos e os menores de 18 anos non superan o 7 por cento), unha gran dispersión xeográfica, etc.

Supoño que xa estás traballando nunha nova idea.

Si, fai un ano comecei un novo proxecto que conto que saia á luz o próximo ano. Volve estar relacionado co traballo social. Xa ten título, chámase *La sonrisa cómplice del trabajo social* e recolle as miñas experiencias, unhas reais e outras non tan reais, como traballador social. Nesta ocasión está escrita en castelán, porque así o esixiron, aínda que a verdade é que estou máis cómodo escribindo en galego. Estou moi contento con este proxecto, que xa está case rematado.

Imaxino que o Traballo Social ten que afrontar grandes retos...

Tendo en conta os datos, os grandes demandantes dos servizos sociais son as persoas maiores, sobre todo o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para que non teñan que abandonar a súa casa, onde sempre residiron, cando necesiten asistencia.

Os servizos sociais comunitarios teñen apoio suficiente?

O avance foi importante dende o posto en vigor da denominada Lei da Dependencia, aínda que o incremento do número de usuarios foi brutal: desde vinte usuarios cada ano ata cento trinta nun concello de tres mil setecentos habitantes. Isto implica que de dúas auxiliares do SAF, hai quince anos, agora son máis de trinta e cinco, todas mulleres, sendo un nicho de emprego feminino.



Co paso do tempo, as demandas seguirán medrando e tanto no rural como nas cidades. Temos aí un gran reto. A maioría destes usuarios son persoas maiores que viven soas ben porque non teñen familia directa ou ben porque viven lonxe e, cando teñen unha situación de dependencia, hai que darlles unha resposta axeitada.

Dispoñedes de recursos sociais para responder a esas demandas no teu concello?

En Friol hai un centro de día xestionado por Afalu con varias prazas concertadas para acceder por Dependencia. Tamén hai un Servizo de Atención Temperá xunto con catro concellos máis, no que se atenden aos nenos de cero a seis anos con necesidades especiais. Tamén un servizo de atención infantil con vinte prazas de gardería. E nun municipio fronteirizo existe un centro de información á muller, ao que derivo casos de separacións, maltrato... E tamén, co traballo social na comunidade, se transforman realidades colectivas, por exemplo, agora no concello de Friol hai varias prazas de aparcamento reservado para persoas con mobilidade reducida xa que cada vez hai máis solicitudes de tarxetas.

En canto a inmigración...

Temos algunha familia hispanoamericana, do Norte de África... e a integración é boa. E como hai bastante

oferta de emprego tanto no SAF, coma no sector agropecuario, nos que a poboación inmigrante se está insertando moi ben.

Na actualidade a figura do traballador social é respectada?

Eu penso que sí, mira que hai compañeiras e compañeiros que levan máis de corenta anos traballando, dende que se empezou co desenvolvemento dos servizos sociais municipais que se fixeron valer, superando moitos atrancos. Ás veces o alcalde de turno non sabía se dar unha vasoira ou unha máquina de escribir á compañeira polo seu descoñecemento das competencias profesionais. Pero agora somos unha figura coñecida, recoñecida e respetada. Somos o profesional de referencia nos concellos ao ser a porta de entrada aos servizos sociais. Date conta de que ao ano, recibo de oitocentas a novecentas persoas, que veñen sendo un vinte e cinco por cento da poboación do municipio.

E non pensas que na situación actual de crise socioeconómica, as e os profesionais do traballo social temos moito que falar?

Por suposto, a voz do traballador social ten que estar sempre cando se fala de temas sociais. Pero igual é culpa nosa, por iso a miña afección pola escritura vén desa necesidade de dar a miña opinión coma persoa e coma profesional.

Isabel Rodríguez anima ás entidades e empresas a sumarse a Experiencias Turismo España

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, anima ás entidades, asociacións e empresas lucenses a presentarse á convocatoria Experiencias Turismo España, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, que mobiliza 20 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno.

O programa ten como obxectivo impulsar proxectos de redes de actores que desenvolvan experiencias turísticas sostibles, dixitais, integradoras e competitivas en España e así atraer

un turismo de calidade. O prazo de solicitude está aberto ata o 20 de setembro.

Isabel Rodríguez destacou que “esta nova liña de axudas ofrece a oportunidade ás empresas e entidades de aumentar e mellorar as experiencias turísticas da provincia, poñendo en valor o patrimonio material e inmaterial do territorio, e situando ao viaxeiro como protagonista do destino”. Deste xeito, lembrou que o Goberno xa concedeu na anterior convocatoria axudas para dous proxectos en Lugo.

Begonte acolleu o acto oficial de inicio do curso escolar

Un total de 32.536 escolares lucenses retornan hoxe ás aulas na provincia de Lugo, nos niveis de educación Infantil (5.573); Primaria (13.844); educación especial (71); ESO (9.787) e Bacharelato (3.261).

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, visitou o CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño de Begonte para acompañar ao profesorado e ao alumnado no primeiro día do curso 2023-24.



DEPUTACIÓN

Xunto á Asociación de Empresarias impulsa o emprego feminino rural



O presidente da Deputación de Lugo, Jose Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), Anjhara Gómez Rodríguez, asinaron no Pazo de San Marcos un novo acordo entre ambas entidades para impulsar o emprego feminino no rural da provincia. A institución provincial achega así preto de 40.000€ para a posta en marcha do programa Aulas Abertas, mentres que AELU aporta máis de 2.000€. Esta iniciativa nace co obxectivo de formar e crear networking a través de obradoiros nos que se amosará de maneira gratuita ás participantes as posibilidades de diversificar as súas actividades profesionais. Deste xeito, foméntase o empoderamento persoal, facilítase o coñecemento do mundo empresarial e do emprendemento e ofrécense técnicas para desenvolver as capacidades e potencialidades das par-

ticipantes.

José Tomé destacou a importancia deste acordo, que busca seguir “fortalecendo e diversificando o tecido produtivo da provincia a través do apoio a proxectos empresariais e emprendedores liderados por mulleres, o que favorece a xeración de riqueza e emprego, e, polo tanto, fixar poboación”.

Aulas Abertas conta con tres áreas educativas principais: a transformación de produtos agrogandeiros, o aproveitamento de recursos e a creación dunha imaxe nas redes, que suman 150 horas. Ademais, complementase con conversas con emprendedoras. Esta formación estará impartida por un técnico de emprendemento e un técnico en informática.

Aulas Abertas comezará no outono e AELU estima que serán arredor dun cento as mulleres beneficiarias desta iniciativa.

Tomé, reelixido presidente do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido por unanimidade presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nunha sesión extraordinaria do Pleno da entidade, celebrada na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos. Neste pleno tamén tomaron posesión a Deputada Pilar García Porto e o Vicepresidente, Efrén Castro Caloto, en representación da institución provincial. Ademais, formarán parte do Consorcio aqueles concellos da provincia que contan con parques de bombeiros. Asis-

tiron polo Concello de Barreiros o tenente de Alcaldesa, Antonio Veiga; o primeiro tenente de Alcaldesa de Viveiro, Jesús Fernández; a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro; e o rexedor de Chantada, Manuel Varela.

Pola súa parte, continúan os representantes da Xunta de Galicia, como Vicepresidente do Consorcio o Director Xeral de Emerxencia e Interior, Santiago Villanueva, e como membros o Delegado Territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o Subdirector Xeral de Seguridade e Coordinación, Andrés Iglesias.

A Deputación asesorou a 1.230 empresas co plan Acelera PEMES

Atendéronse máis de 1.600 consultas dende a súa posta en marcha hai medio ano co despregue de 7 axentes dixitais que percorren as comarcas

A Deputación de Lugo xa prestou asesoramento gratuito a 1.230 empresas da provincia de Lugo en materia de transformación dixital grazas ao programa Acelera PEMES que ten en marcha dende hai medio ano. Así o informou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, quen lembrou que esta iniciativa impúlsaa o Goberno do Estado para fortalecer e para facer máis competitivo o tecido empresarial do país a través da transformación dixital.

A día de hoxe, no marco deste proxecto, a Deputación atendeu máis de 1.600 consultas. “É un volume de actividade moi bo en apenas medio ano, o que evidencia que este programa está sendo de gran interese para as pequenas e medianas empresas que traballan no noso territorio”, subliñou García Porto.

A iniciativa, explicou a Deputada, serve para que as pequenas e medianas empresas da provincia e os autónomos aproveiten os recursos que ofrece a dixitalización e as novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. Desta maneira, “gañan en competitividade, en produtividade e en eficiencia, e tamén é moi útil para que abran novas oportunidades de negocio”.

“As experiencias que estamos tendo son moi positivas, sobre todo naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes, onde estamos focalizando máis os esforzos, ao ser onde



detectamos que é máis necesario”, explicou, ao tempo que avanzou que o seguinte paso que dará a Deputación será, a partir de mediados de setembro, poñer a funcionar un servizo móbil que percorrerá todos os concellos para facer presentacións e chegar a máis empresas. “Faremos reunións para explicar polo miúdo o programa e chegar ao maior número de persoas posible. Iremos informando puntualmente para que a xente saiba en que localidade imos estar cada día”, indicou.

García Porto destacou que con este proxecto “fortalecemos o apoio ao tecido produtivo da nosa provincia como unha das liñas de actuación prioritarias que temos no Goberno provincial, pois, xunto coa dotación de servizos públicos de calidade, é un factor esencial para fixar poboación no noso rural”.

AXENTES DIXITAIS. A Deputación

conta con 7 axentes dixitais que se moven polas diferentes comarcas para establecer contacto con empresas, ofrecerlles axuda de maneira gratuita e indicarlles como poden solicitar o Kit Dixital. Ademais, instaláronse oficinas para prestar asesoramento e acompañamento gratuito nos concellos de Viveiro, Lugo, A Fonsagrada, Láncara, Monforte e Vilalba.

Neses encontros coas empresas estudan a situación da que parte cada unha delas e buscan ferramentas que encaixen coa súa actividade para beneficiar o seu volume de negocio. Por exemplo, axúdanlles a crear redes sociais e impulsalas para que teñan máis seguidores, tamén á posta en marcha de WhatsApp Business para que interactúen coa súa clientela ou implantan solucións dixitais específicas do seu sector que son moi útiles para os negocios.

Esixe á Xunta a fin dos recortes de persoal na educación pública

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes de persoal na educación pública, que dende que governa o PP na comunidade autónoma supuxeron a redución de 841 profesoras e profesores, segundo un informe da propia Consellería. Así se acordou tras unha proposta do Goberno que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. A voceira socialista, Pilar García Porto, fixo referencia ao anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria* elaborado pola propia Xunta para

debuxar a situación que está a vivir a educación pública en Galicia en xeral, e na provincia en particular, porque “as dúas velocidades cara onde camiña a Xunta de Galicia no rural e no urbano fan que o asentamento de poboación nas zonas rurais aínda sexa cada vez máis complicado”.

“A política de abandono do rural galego por parte da Xunta fai que as familias teñan cada vez menos opcións para comezar o seu proxecto vital lonxe das cidades”, denunciou García Porto, quen sinalou que, segundo os datos dese mesmo infor-

me, dos 1.246 centros escolares que había no ano 2008 quedan 1.082, un 13% menos.

A deputada contrapuxo esta política de recortes coa que tiña en marcha o bipartito de PSdeG e BNG con medidas como a gratuidade dos libros de texto para a educación primaria, unha medida que eliminou Alberto Núñez Feijóo “nada máis entrar no Goberno da Xunta”.

Puxo como exemplo dos “continuos recortes da Xunta do PP en educación” o que sucede nos colexios públicos de Abadín e do Incio.

DEPORTES

O CD Castro inicia a súa andaina na Preferente cun equipo renovado

Por fin chegou o día para o CD Castro, que iniciou a súa nova andaina pola liga Preferente. O seu debut foi a domicilio ante o Boiro con derrota. O equipo chairego ten por diante 34 xornadas ata o 19 de maio para amosar que foi un acerto o seu ascenso á categoría o ano pasado.

Xunto ao Castro estarán na categoría outros equipos da provincia, como o Ribadeo, o Lemos e o Residencia, ademais doutro da comarca, o CD As Pontes.

O conxunto presentouse este mes ante o seu público, no Arturo Peireiro, xunto ao resto da canteira e o equipo técnico do club. O primeiro equipo xogou un partido de pretempada ante o CD As Pontes, que será rival na liga, e ao que venceu nos minutos finais cun golazo de Buide.

Para enfrontar esta tempada o CD

Castro conta con varias novidades nas súas filas, que continúan dirixidas por Rafa Casanova, que se incorporou a media tempada. A última incorporación do equipo foi a de Dapo, centrocampista de core defensivo que procede do Pol e que xogou tamén no Betanzos, Arteixo e Ribadeo.

O equipo reforzouse tamén con Buggy (David Martínez Loureiro), que se incorpora para poñerse entre os tres paus. Incorpórase despois de militar nas filas de equipos como Montañeros, Bergantiños, Fisterra ou Rácing Vilalbés, do que procede actualmente.

No mes de xullo, o equipo anunciara tamén a continuidade do seu capitán, Diego Pardeiro Morado (Dumi); de Miguel Ángel López Puente (Magel), que xoga pola banda esquerda; de Joel Folgueira Fernández

(Jou), que xoga en banda dereita; de Víctor Cabado Rodríguez, na súa terceira tempada no club; o goleador Rodolfo Periale (Fito), ou os doutros como Diego Muíña Ríos, Pedro Díaz Pedreira, Hugo Buide Freire, José Luis Fernández Vázquez, Juan Manuel García Rozas, Adrián Román, Noel Escanlar o José Manuel Osorio (Josema).

Entre as novas incorporacións está José Castro Vilarín (Marino), que militou no Viveiro, Rácing Vilalbés e Sarriana entre outros; Diego López Vázquez (Dieguito), procedente do Taboada; Marco Díaz Méndez, que regresa tras unha estada no Lemos; Iago Buján López, procedente da Residencia e formado no Vilalbés; Daniel Montes Currás, defensa central formado tamén no Vilalbés, e o regreso de Álvaro Rodríguez González (Alvarito).



O Pastoricense ficha 5 xogadores do Castro B no regreso a Segunda e o Guitiriz renova a directiva

O UD Pastoricense anunciou seis fichaxes xa para a nova tempada que inicia este ano na Segunda Autonómica, despois de que descendera na anterior tempada como colista de grupo.

Aínda que a Federación de fútbol non avanzou a composición nin o calendario de competición, comezarán a mediados do mes de setembro. Coa intención de “recuperar a ilusión” chegaran ao club cinco xogadores que proceden do Castro B, Borja Corbelle, Iván Corbelle, Diego López, Iago Fernández e Adrián Fernández.

Así mesmo foi fichado Eduardo Seivane, militante nas categorías inferiores que regresa a UD.

GUITIRIZ. Os socios e socias da Sociedade Deportiva Guitiriz reuníronse na Casa Habanera para celebrar a Asamblea Extraordinaria co obxectivo de elixir unha nova Xunta Directiva. A maior parte dos socios realizaron “unha valoración positiva

da pasada tempada na que o primeiro equipo acadou o ascenso a 1ª División Autonómica e o club medrou ata alcanzar máis de 80 membros entre xogadores e corpo técnico”.

Para formar esta nova Xunta Directiva apostouse por unha liña continuista, mantendo presentes a dous membros do anterior equipo no actual, pero incorporando once caras novas formando así un grupo de traballo de trece persoas.

José Manuel Lorenzo López seguirá a ser o presidente, mais o seu carón estará Francisco Álvarez Arias (Kiko) como vicepresidente, Manuel Isidro Iñiguez Martínez (Patarolo) como tesorero e César Gómez Roca como secretario.

Completarán a Xunta Directiva; Martín Sánchez Río, Daniel Blanco Porto (Puma), Diego Ferreiro López, Jesús Losada Pérez, Miguel Ángel Losada Rivas, Jose Antonio Grande Terrón (Josito), Adrián Novo Roca, Jesús Lorenzo López (Suso) e Daniel López Díaz como vocais.

Volve a Ruta BTT Terras do Eume o 17 de setembro ás Pontes

As Pontes acollerá o domingo 17 unha nova edición da Ruta BTT Terras do Eume, a VIII, que terá a saída diante do Concello ás 09:00 horas. Haberá tres rutas diferentes para todos os públicos, un roteiro curto dun 25 km con 650 metros de desnivel acumulado, un roteiro intermedio de aproximadamente 44 km cuns 900 metros de desnivel e un terceiro trazado longo duns 48 km cuns 1.100 metros de desnivel acumulado.

As inscricións pecharán o mércores 13 de setembro ou no momento no que se chegue ao número máximo de participantes, que este ano é de 300, que volve a crecer polo gran número de solicitudes rexistradas en anos anteriores.

Haberá este ano 4 puntos de avituallamento con comida e líquidos con chegada ao final do roteiro ao local do Polbo no parque da Fraga.

Na chegada, os participantes pode-



rán ir comendo (un tentempé e bebida) por orde de entrada para axilizar a volta a casa e evitar aglomeracións. As duchas estarán na piscina Municipal, situada na rúa Sergio Rivera Chao.

39 equipos participan na Copa Deputación de Fútbol Sala

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a IV Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 39 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

O sorteo dos emparellamentos celebrouse no Pazo de San Marcos, coa presenza de representantes da Federación Galega de Fútbol – Manuel Castro, delegado da Federación Galega de Fútbol en Lugo e Iván Pico, responsable de fútbol sala da Fed-

eración Galega de Fútbol en Lugo e dos clubs participantes.

Da categoría Preferente e Primeira División Feminina participan os equipos Ribeira Lieders FS, Grupo Forma-T Vilalba FS, UD Pastoricense, Taboada Feminino, Praias de Barreiros, Concello de Begonte, SD Castroverde e Burela FS B.

Na 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina os participantes serán o Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CB,

Concello de Begonte FS, Covirán Quiroga FS, Os Meigallos FS, Club Deportivo Casás, PM Friol FS e ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

E na Primeira e Segunda División Masculina participarán o CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, Ribeira FS B, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concellos de Begonte FS B, Yocreapptive Sala, Luisitalia, SDCX Atl. San Antonio, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC e FSF Castro.

Regresan as carrilanas a Riotorto noutra data

Chega este 23 de setembro de 2023 a segunda baixada das carrilanas en Riotorto organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos. Esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona.

As inscricións poderán realizarse ata o 20 de setembro ás 23.59 horas. Para inscribirse haberá que facelo a través da páxina oficial.

Os menores de idade enviarán ao organizador da carreira a autorización correspondente para poder participar na proba, envío obrigatorio ao asociacionosmeiregos@gmail.com. O horario do evento comezará ás 11.00 horas coas verificacións técnicas e administrativas, de 13.00 a 14.00 horas haberá un pincheo. Ás



14.30 horas comezará o remonte de participantes á liña de saída e media hora despois serán os adestramentos oficiais.

A saída da primeira baixada oficial será ás 16.30 horas e ás 18.00 será a saída da segunda quenda.

EN BREVE

XANELA. A Asociación de Discapacitados Activos, A Xanela, organiza o domingo 24 de setembro na rúa 8 de marzo, nas Pontes, unha actividade de carácter voluntario na que os fondos recadados irán destinados ao proxecto As Pontes Contigo. A actividade vai consistir nunha serie de carreiras, as cales van a estar divididas por categorías de idade, e dúas andainas, unha para os maiores de idades e outra para os menores. O prazo para inscribirse estará operativo ata o martes 19 de setembro.

RUTA BTT FRIOL. O vindeiro 15 de outubro terá lugar a III Ruta BTT por Friol, organizada polo club ciclista da zona. Este percorrido constará de tres rutas, a primeira de 40 km e 900 metros de desnivel, outra de 54 km e 1400 metros e a última, máis longa, de 72km e 1900 metros. Terá un prezo de 30 euros cunha diferenza de 10 euros para os federados. A inscrición inclúe o xantar.

RUTA BTT TERRA CHÁ. Este ano, con motivo do X aniversario do Club Ciclista Terra Chá, a anual Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa terá lugar o vindeiro 7 de outubro. Nesta ocasión, a ruta desenvolverase entre os concellos de Vilalba, Xermade e Muras e terá tres percorridos diferentes, de 63, 50 e 35 quilómetros. As tres probas contan con diferentes niveis de dificultade, así como características técnicas e físicas.

LOITA VILALBESA. O Club de Loita Vilalba celebra durante esta quincena de setembro adestramentos de portas abertas para poder mostrar a todos os interesados este deporte e o funcionamento da entidade deportiva. Así, de forma gratuíta, poderá participarse nos adestramentos que se realizan os luns, mércores e os venres na sala de loita do auditorio municipal de Vilalba. Para os pequenos de 5 a 6 anos, o horario é de 17.00 a 18.00 horas, neste caso só mércores e venres. Para nenos de 7 a 8 anos o horario será de 18.00 a 19.00 horas os tres días; de 9 a 11 anos terán de 19.00 a 20.00 horas tamén os tres días, e para a rapazada de 12 a 16 anos, están previstos adestramentos entre as 20.00 e as 21.30 hora nas tres xornadas.

SAMURAI XTREME RACE. A Samurai Xtreme Race Lago das Pontes xa ten data de celebración para este ano 2024 e será o 7 de xullo. Esta proba desafia aos participantes a conquistar obstáculos extremos nun terreo complicado. A falta de que se abran as inscricións, prevese que sexa unha carreira duns 7 a 9 quilómetros de distancia coa saída e a meta na praia do lago das Pontes e con obstáculos durante todo o percorrido.

Gran éxito de participantes na segunda Mini BTT de Muras

Muras volveu acoller por segundo ano consecutivo o Mini BTT organizado polo Club Ciclista Viveiro que se celebrou cun gran éxito de participación como a primeira edición.

A competición que arrincou ás 10.00 horas para as categorías prebenxamín, promesas, principiantes, alevíns e infantís contou cun día de bo tempo que permitiu aos pequenos desfrutar do percorrido. Máis de douscentos inscritos participaron nesta segunda edición na que os primeiros postos foron, na categoría benxamín feminino para Mara Lois Vázquez e na masculina para Lucas Alvariñas Iglesias. Na categoría Alevín masculino o gañador foi Iago Gómez Martínez e na feminina o primeiro posto foi para Marta Utrera Carballo. Na categoría Infantil o primeiro posto



do grupo masculino foi para Lucas Lozano González e o feminino para Iris Santana Cacabelos.

Na categoría Principiante, Lucas González García foi o gañador do grupo A mentres que Miguel Velle Pérez foi o gañador do grupo B e pola súa parte Aldara Gaciño Cer-

nadas foi a gañadora do grupo feminino.

Por último na categoría Promesa, Hugo Ramos Martínez foi o gañador do grupo A e Hugo de Cea Diz do grupo B mentres que Iria Ruiz Vázquez foi a gañadora do grupo feminino.

Begonte xa ten gañadores do terceiro torneo de pádel e organiza a segunda liga

O Concello de Begonte continúa coa programación deportiva e cultural de verán co III Torneo de Pádel que se celebrou os días 25, 26 e 27 de agosto. Este ano acadaron un éxito de participación con 22 parellas inscritas. A vencedora foi a formada por Samuel e Javi, vencendo na final a Davinia e Noé.

No cadro de consolación os campións foron Marcor e Brais, e como subcampións quedaron Rony e Maroto. Os participantes recibiron un welcome pack de agasallo mentres que gañadores recibiron os seus pre-

mios, consistentes en material.

LIGA. O Concello de Begonte pon en marcha a segunda edición da Liga de Pádel de categoría única para parellas masculinas, femininas ou mixtas. Esta competición alongarase durante todo o mes de outubro para rematar sobre o mes de xuño. A relación de partidos dependerá do número de parellas inscritas.

A inscrición ten un prezo de 20 euros por parella, cota que non inclúe o alugueiro da pista para os partidos. Todos os participantes serán marca-



dos como socios da pista de pádel ata xuño de 2024, o que vén acompañado dun desconto en todas as súas reservas futuras, sexan ou non para esta liga.

A competición consistirá nun partido semanal datado de mutuo acordo coas parellas. Ademais, estes pode-

A NorthWest Triman non celebrará máis polo momento

Os organizadores da Northwest Triman anunciaron aos seus seguidores que o ano que vén non haberá edición, tras dez anos de convocatoria cunha gran aceptación.

“É momento para tomarnos un descanso, dedicarnos tempo, coidarnos e, sobre todo, coller forzas para afrontar novos retos. Non é un adiós, é un ata pronto!”, explican nas súas redes sociais.

Engadiron que “en ocasións é necesario detese para seguir avanzado, e ese momento chegou para nós, é unha decisión xa tomada antes da edición 2023, e que todo o equipo coñecía. Con tristeza pero coa certeza de que estamos a facer o correcto”.

Lembran que foi en 2013 cando se iniciou esta proba, da man do Concello das Pontes, que quería organizar un evento deportivo que axudase a dar a coñecer e promocionar o lago.



VELA. Javier Martínez, Mariano Torres e Alba Abril foron os tres regatistas do Club de Vela Fluvial As Pontes que disputaron o Campionato do Mundo da clase vaurien como membros do equipo español na localidade normanda de Lle Havre, na Canle da Mancha. Esta cita internacional pechouse con doce probas completadas e con extraordinarios resultados para os regatistas ponteses, onde a dupla formada por Javier Martínez e Mariano Torres levantouse a un magnífico 4º posto en categoría xuvenil, quedando clasificada a tripulación composta por Alba Abril e Isabel Cabelo no 5º posto da mesma categoría.

Convocada unha nova edición do Volante Deputación

Os próximos 16 e 17 de setembro celébrase a 12ª edición do Volante Deputación de Lugo, unha actividade que pretende achegar a calquera persoa sen experiencia o mundo da competición automobilística, vivindo desde dentro un rally como o San Froilán, tal vez o mais carismático de Lugo, combinando deporte e formación, posibilitando ao gañador vivir a experiencia de pilotar participando nun rally.

Esta iniciativa deportiva, con carácter absolutamente gratuíto, que está posta en marcha pola Deputación de Lugo, consiste nunha selección onde os participantes recibirán un

curso de condución para igualar e equilibrar coñecementos entre uns e outros. Celebrarase no circuíto da Pastoriza. O proceso de selección estará supervisado por un xurado composto por pilotos, monitores de PTC Escuela e colaboradores deste proxecto.

O prazo para enviar os formularios de inscrición estará aberto ata o xoves 14 de setembro de 2023 ás 13:00 horas. As prazas están limitadas a 160 participantes, e será por rigoroso orde de recepción das inscricións. O titular do primeiro premio será seleccionado como piloto e participará no Rally San Froilán 2023.

“Sendo un anaco de madeira, Arturo converteume nun violín”

A culturista vilalbese Julia Cabarcos prepárase para a selección do mundo

Tras unha pausa de un par de anos, volve competir de novo. De feito xa estivo no Campionato de Europa. Como foi o seu regreso?

No Campionato de Europa presentei un físico do que me sinto moi orgullosa. Por iso xa mereceu a pena ir. O malo é que coa liña de competición que había víame demasiado forte e iso penalizoume.

Cal será a próxima cita?

Agora estou a tres semanas de presentarme á preselección do campionato do mundo, que se celebrará a primeiros de novembro.

Como se atopa agora mesmo? Que falta por traballar?

Agora atópome forte tanto física como mentalmente. Con moitas ganas. Se é certo que teño que mellorar. Porque a miña intención é saír máis preto aínda.

Que lle levou a deixar a competición?

Deixe de competir fai catro anos porque necesitaba descansar.

Como comezou neste deporte e por que?

Empecei nisto de rebote. Tiven que deixar uns anos de descanso para tentar mellorar e, sobre todo descansar.

Pode vivirse deste deporte ou ten outra profesión?

Disto non se pode vivir. Compaxino o meu hobby con dous traballos. As viaxes, hoteis, alimentación, licenzas, bikini...hai que Pagalo. Algún día deixarei de competir pero, tentarei encher un pouco máis a vitrina antes (*risas*). As miñas experiencias do pasado son a miña alfombra vermella.

Cales son as súas vantaxes e contra-prestracións?

Este deporte achégame moito cada día. Xa non só a nivel físico que, é obvio que me gusta estar forte e en forma senón, tamén, a nivel anímico. A satisfacción persoal que me dá o ter, a disciplina e a forza de vontade de facer isto é moi grande. Todos temos algún momento nos que non nos apetece ir adestrar ou facer cardio. A min, gústame moitísimo comer, demasiado (*risas*) pero, o ter a cabeza de saber que podo e que non faime máis forte. Estou moi orgullosa de min. Do que consigo día a día co meu traballo e o meu esforzo. Póño-lle moita ilusión. Aínda que nada disto, tería o mesmo valor sen a man do meu preparador e parella Arturo Castañeda. Sendo un anaco de madeira, el converteume nun violín.

Teño entendido que a alimentación xoga un papel fundamental no resultado óptimo e na preparación...

A alimentación é crucial. Moitas veces preguntanme cantas calorías meto na dieta e realmente iso non é importante. Podes inxerir 3000 calorías a base de *donuts* ou a base de polo e os resultados son, loxicamente, moi distintos. Sen dúbida, iso é o que máis me custa. Cando me din “eu podería vivir coa túa dieta porque me encanta o arroz e o polo” É moi fácil... Eu o como encantada pero, o difícil é comer só iso durante meses e meses. Nin unha uva, nin un iogur, nin un anaco de lombo... Desde o 9 de xaneiro que empecei a preparación deste ano tiven o mes de xuño de descanso no que coidei a miña alimentación pero si que comía algo máis do que me apetecía. Pois iso, algunhas froitas, embutido, algunha hamburguesa e chocolates (*risas*). Pero, a preparación é outro tema. Ademais, teño a gran fortuna de que o meu preparador sexa Arturo xa que considero que é a enciclopedia do culturismo.

Nalgunha ocasión tense queixado de ter recibido comentarios ofensivos por parte do público. Non me



llora a situación ao longo dos anos?

Se é verdade que a sociedade segue pechada a entender que unha muller forte, pode ser sexi e atractiva. Que non quere dicir que eu o sexa pero hainas (*risas*). Cando empecei nisto fixéronme reformularme a idea de querer estar así pero, parece que canto máis forte pónome máis cega e xorda vólome.

Hoxe en día que, parece que non podes dicir nada sen estar a cometer un delito aínda nos tomamos moi á lixeira o poder vulgar o físico forte sen contemplar o dano anímico que podemos causar. Se estás gordo, eu non cho vou a dicir. Se che falta unha perna supoño que xa o sabes. Eu mírome ao espello e gústame o que

vexo. É o único que necesito para seguir.

Aínda que non vive de continuo en Vilalba, síntese vilalbese e sempre pon esta vila como lugar de procedencia. Cal é a súa relación con esta vila?

Son moi do meu pobo a pesar de que hai moitos anos que non vivo aí. Síntome moi orgullosa das miñas raíces. De feito, temos a sorte de poder realizar os campionatos galegos de culturismo no auditorio de Villalba. Tanto o concello como os paisanos facilítanos moito as cousas e contan cunhas instalacións increíbles. Tento facer polo pobo Todo o ben que fixo el por min. Á miña familia sempre nos trataron con moito agarimo.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

COLABORACIÓN

Eles futbolistas elas profesoras

O PUPITRE



Julio Díaz

Levaba varios días pensando que tema podería levar ao meu pupitre, neste mes de agosto, para non cargar aos lectores con ningún tema técnico nin profesional, pensaba en algo que fose máis relaxado, máis distendido, acorde ao período vacacional no que nos atopamos. Despois de moitas voltas e a poucas horas da emocionante vitoria do Mundial de fútbol feminino, no que as nosas rapazas fixeron historia, veu a miña memoria unhas estatísticas que manexara hai uns días e que plasmaban o que querían ser de maiores os máis mozos en Gali-

cia, onde elas se decantaban por oficios relacionados cos coidados, mentres eles buscaban ser futbolistas ou policías.

Un ano máis, que os nenos e nenas galegas soñan con ser profesores, futbolistas, veterinarios ou policías non é ningunha novidade, estas son e foron as profesións máis votadas por todos eles nas 17 edicións, a primeira aló polo ano 2004, na enquisa realizada por Adecco e na que se pregunta, entre outras moitas cuestións, *Qué queres ser de maior?*, a cal tras o parón dos dous últimos anos por motivos da pandemia que acabamos de sufrir, volve para achegarnos o punto de vista dos máis novos da casa en temas relacionados co mundo da empresa e do traballo. A fenda de xénero entre homes e mulleres ponse de manifesto duran-

te os primeiros anos de vida dos nosos rapaces, así é como se presenta na xa citada enquisa de Adecco, na que un 36,1% dos nenos galegos queren ser futbolistas, un 12,4% policías e un 9,2% profesores. No 26,3% dos casos elas se decantan pola profesión docente, veterinarias o 13% e doutoras un 8,5%.

Podería asegurar, sen risco de equivocarme, que despois desta ilusorante vitoria das nosas xogadoras da selección española de fútbol, a enquisa reflectiría un resultado completamente distinto no caso das nosas rapazas e a profesión de futbolista pasaría a ser unha das primeiras opcións que elixirían, de feito o que comezou sendo unha novidade na enquisa do ano 2019, que se agudiza no ano 2023, e é que moitas rapazas elixen xa ser futbo-



listas entre as súas primeiras opcións quizás sexa un reflexo do protagonismo que os equipos de fútbol feminino están a ter ultimamente e da visibilidade que lles están a dar nos últimos tempos os medios de comunicación e as redes sociais. Quería completar esta reflexión con profesións da enquisa de Adecco que chamaron a miña atención e que aparte destas profesións elixi-

das, o estudo manifesta que outras anecdóticas embelesan aos nosos rapaces, como ser Ninja, CEO de marketing, campiona de Jiu-Jitsu, drifter, cosmólogo, copiloto de avións de guerra, explorador de tesouros, profesional do tambor ou presentador do "Hormiguero". Non quixera rematar sen felicitar novamente ás nosas "fuboleras" con un sentido. AUPA CAMPIOAS

625 liñas en cor

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

O 31 de agosto de 1928, día de San Ramón, un enxeñeiro húngaro chamado Dénes Mihály presentaba na Mostra de Radio de Berlín un aparello da súa invención: o televisor de 30 liñas. Era un home curioso, en todos os sentidos do termo, pois con deza-seis anos xa publicara varios libros sobre automóbiles e motocicletas. Despois da universidade, comezara a ensaiar coa tecnoloxía da televisión na fabricación de teléfonos. O seu primeiro experimento databa de 1919 e chamouse Telehor, preparado para transmitir imaxes fixas a unha distancia de moitos quilómetros. En 1922 patentou o Projectophon, que recibiu o recoñecemento mundial no campo da imaxe sonora. A partir de 1924 continuou as súas probas con imaxes, transferindo posteriormente os resultados a películas cinematográficas. Constituíu unha empresa denominada Telehor AG para producir televisores e, deste xeito, en 1935 apareceu no mercado o televisor Mihály-Traub, concibido xunto ao físico E.H. Traub.

Souben da historia de Mihály a través de Alberto Miguel Arruti, que en 1989 nos impartía na Facultade de Xornalismo de Madrid a materia

'Teoría e técnica da información audiovisual'. Para facela máis amena e familiarizarnos cos contidos, de cando en vez traía un profesor convidado. No comezo daquel curso, o protagonista foi o berciano José Manuel González Torga, con quen compartira andaina profesional en RTVE durante os anos finais do franquismo e o comezo da primeira transición. Físico de profesión e de vocación, Arruti fíxerase xornalista no París convulso da década de 1960, onde coñecera ao vilalbés Ramón Chao en Radio France, entre outros persoeiros. Á súa volta, chegou a ser director dos Servizos Informativos de TVE e membro da xunta directiva da Asociación Española de Comunicación Científica.

A clase que nos impartiu aquela tarde con González Torga versaba sobre o programa dominical '625 líneas', emitido por TVE entre 1976 e 1981 en sesión de tarde e cunha hora de duración. A súa finalidade era informar aos telespectadores dos diferentes espazos que ofrecía a cadea durante os seguintes sete días. A idea non era orixinal, pois a canle pública tivera con anterioridade outros modelos de programas-anuncio; pero unha das claves do éxito de '625 líneas' foi a adopción do formato de variedades, con entrevistas, números musicais e sobre todo, humor. Na primeira etapa do programa (1976-1977), a presentación correu a cargo do entón director, José Anto-

nio Plaza e da actriz Francisca Gabaldón, acompañados pola dominicana Roxana Dupré, a primeira locutora afroamericana na historia de televisión en España. Durante uns meses, a sección infantil foi conducida por José María Pascual, o neno que interpretaba as cancións da serie de debuxos animados 'Marco'. Porén, unha orde do Ministerio de Traballo apartaría posteriormente a José María por mor da súa minoría de idade. A partir de setembro de 1977, José Antonio Plaza e Paca Gabaldón foron substituídos pola parella que máis tempo estaría á fronte do mesmo: Mayra Gómez Kemp e Juan Santamaría. Durante algúns meses de 1978, a que logo sería estrela do cinema español, Vitoria Abril, ocupouse do apartado musical. Dende 1979 e ata a cancelación do programa en 1981, a presentación foi asumida por Marisa Abad, Isabel Borondo, Eva Gloria, Marisa Medina, Elena Gutiérrez e Santiago Peláez. Este último asumiu a dirección do espazo en 1979.

Ao longo dun lustro, foron moitos os humoristas que amenizaron o programa coas súas actuacións; os máis lembrados serían Tip e Coll, que fixeron un remedo de noticiario, no que puxeron de moda a frase "A próxima semana falaremos do Goberno". Con todo, a parella de humoristas máis famosa da época non puido evitar os rigores da censura, aínda vivente. O programa supuxo tamén o debut



ante a cámara da actriz cómica Beatriz Carvajal. Outros humoristas que desfilaron polo estudo de '625 líneas' foron Andrés Pajares, no papel do Currante, o tándem Juanjo Menéndez-Jesús Puente, e Juanito Navarro e Simón Cabido, na recuperación do seu personaxe 'Dona Croqueta', o seu momento de máxima popularidade. En 1978 contou tamén coa presenza de María Eugenia, María Laura e María Emilia, as arxentinas "Trillizas de Oro", coñecidas internacionalmente por formar o coro de voces do cantante Julio Iglesias. Naquela tarde de outono, Arruti e González Torga arrancaron a súa lección maxistral falándonos deste

espazo, para explicarnos a tecnoloxía PAL (Phase Alternating Line) da televisión analóxica de 625 liñas, de aí o nome do programa. Estaba baseada nun sistema de codificación utilizado na transmisión de sinais de televisión en cor. "Implantouse na maioría dos países africanos, asiáticos e europeos, ademais de Australia e tamén nalgúns países América do Sur, como Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai", contaba o profesor. Este xeito de ensinar a materia fora idea de Mariano Cebrían Herreros, que se incorporara ao ensino universitario poucos anos atrás, aportando novas tendencias para captar a atención do alumnado. Abofé que o conseguiron.

A importancia de que os nenos falen o noso idioma

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Xa sabemos que o noso idioma estivo sempre denigrado e que foi vilipendiado e vituperado desde primeiros do século XIII, cando Fernando III, fillo de Alfonso VIII de Galiza (Alfonso IX para os españois) e da súa dona Berenguela de Castela, unificou os reinos, desaparecendo o reino de Galiza, que quedou relegado ao de Castela, polo que aínda hoxe segue sendo perseguida oficialmente a súa utilización.

Durante o franquismo, ao grito de "Arriba España" prohibiron o galego na escola e dicían os carteis nos concellos e noutros lugares públicos: "Hable usted español y no séa paleta"; "Hable bien. Séa patriota - No séa bárbaro", como si falar galego fora falar mal ou ser paleta, chamándolle bárbaro a quen ousaba utilizalo e castigando de diferentes xeitos a quen o falaba na escola ou en lugares públicos. Logo chegou a democracia e seguiron insistindo: "Galicia bilingüe" quitouse a careta e pasou a chamarse "Hablamos español", idioma que ninguén lles prohibe, e puxeron grandes carteis publicitarios en Ourense, A Coruña e

Sanxenxo cos nomes deturpados deses pobos e co seu nome real en galego, que algúns paisanos, retranqueiros eles, ridiculizaron con memes, traducindo Muxía por Ordeñaba, Somozas por Solo Chicas, Castro Cual de Ellas por Castro Caldelas, Camaritas por Camariñas, e así algúns outros topónimos.

Seguen insistindo que o noso idioma non serve para andar polo mundo, cando con el podemos comunicarnos con todas as nacións de fala portuguesa, máis de 270 millóns de persoas en toda Europa, África, Sur América e Asia e o Goberno Galego, que ten a obriga de velar pola súa conservación e potenciar o seu uso, pon todos os medios ao seu alcance para conseguir o efecto contrario.

Ese ataque ao galego ao longo de tantos anos fixo que moitas persoas pensaran que o idioma que falamos non serve para nada e quizás por iso os galegos e galegas temos unha crise de valores; somos moi dados a desprezar o noso e enxalzar o alleo, aínda que sexa peor. Así que moitos, para non ser paletos nin bárbaros, pensan que aos nenos é moito mellor ensinalles só o idioma español e tamén, por si o día de mañá teñen que coller a maleta e marchar polo mundo adiante, como tivemos que

facen (e aínda fan agora) moitos mozos e mozas para poder gañar-se a vida dignamente, pensando que quezas o galego lles crearía confusión e non lles deixaría espazo suficiente no cerebelo para aprender outro, pois non saben dos beneficios que supón utilizar o galego e outro idioma desde que empezan a falar.

Algúns deses beneficios explícanolos a neurocientífica, Sonia Villapol, xefa de laboratorio e profesora de Neurocirurxía no Instituto Académico de investigación do Hospital Metodista de Houston (Texas) e profesora de Neurociencia na Facultade de Medicina no Weill Cornell de Nova York, nun estudo titulado "Falar galego pode mellorar a nosa intelixencia: descubre por que", publicado na revista "Gciencia xornalismo+divulgación".

Afirma Sonia nese interesante estudo, "que se debería falar galego desde a infancia, xa que é nese período cando se esculpe a neuroplasticidade e as estruturas cerebrais, que nos facilitarán adaptarnos ao bilingüismo e multilingüismo, pois a combinación de dúas linguas pode asociarse a un mellor rendemento e unha maior conectividade entre as redes neuronais, debido á dedicación e control de dous sistemas lingüísticos,

porque a experiencia de falar dous idiomas altera a estrutura do cerebro e mellora certas funcións cognitivas, afectando tamén ao procesamento matemático".

Di que un ambiente familiar onde se falen dúas ou tres linguas é moi beneficioso para os nenos e que posibilita vantaxes ao longo da súa vida, pois canto antes se empece a falar dous ou mais idiomas, moito mellor para o cerebro e comprobou que os nenos que tiveron exposición a dúas linguas antes dos tres anos tiñan unha maior conectividade neuronal que os que o fixeron entre os tres e cinco anos.

Comprobou tamén, que as persoas que unicamente falan español teñen peor procesamento da linguaxe que as que falan galego e español (ou outro idioma), debido a que "as persoas bilingües presentan mais materia gris e maior integridade de materia branca nas rexións asociadas á lingua e ao control executivo".

Asegura ademais, que falar dous



ou mais idiomas de por vida asóciase á aparición tardía da demencia, incluída a demencia de Alzheimer.

Polo tanto, non privemos as nosas crianzas desas vantaxes para toda a súa vida e ensinémolles o galego ademais doutro idioma calquera. Non lles podemos facer caso aos gobernantes da Xunta, que incluso prohiben dar clases de matemáticas no idioma de Pondal e Rosalía. Temos que facer mais caso á ciencia e ás científicas que a eses badulaques que odian o galego, pois cientificamente existen razóns moi contundentes para entender e falar dúas ou mais linguas a partir da materna, debido aos efectos beneficiosos que lles proporciona para o seu futuro. Queirámonos algo mais e nunca deixemos de ser o que somos.

Rexurdimento temporal

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Escribimos este artigo a última semana do mes de agosto deste presente ano dous mil vinte e tres, no que semella todo volveu á normalidade de maneira definitiva, ou iso agardamos polo menos ata a vindeira historia que outra vez poña todo patas arriba. Atrás queda aquel marzo do vinte e o que viría a continuación, que parece foi hai moito tempo, pero que todos lembramos perfectamente. O verán estase a desenvolver sen novidades salientables. Houbo que ir votar nunhas eleccións xerais convocadas para unha data atípica, co que iso supuxo, tanto nas semanas previas como nas posteriores –e o que falta aínda por vir e por ver-. E a iso cómpre engadirlle que tralos comicios municipais de maio, constituíronse as novas corporacións

locais para os próximos catro anos. Ata o de agora, toquemos madeira, o lume, por fortuna, non tivo o triste protagonismo que observamos en certas bisbarras do País o ano anterior. Asistimos a días de abafante calor, pero a auga fixo aparición e da maneira á que estamos afeitos ver chover por estes lares.

Xa no verán anterior puidemos comprobar como volveran ao rego as cotidianidades de sempre. Así, as viaxes e as vacacións de novo foron noticia, pero xa sen restricións. Vimos como o persoal enchía restaurantes, praias, Como se o mundo acabase, había que aproveitar o momento, polo que puidese vir a posteriori. Aquí, no noso radio de acción, vimos como se revitalizaban verbenas, festivais e demais eventos. Calquera escusa era boa para divertirse e tratar de pasalo o mellor posible, quedando atrás o auténtico pesadelo que foi o maldito Covid 19. En resume, como calquera verán pretérito, anterior

á pandemia. Nada extraordinario, podemos dicir. E o destes dous últimos meses, pois aí están as imaxes que proxectan os medios de comunicación. Os diferentes camiños de Santiago, petados de pelegríns. Aeroportos, estacións de trens e buses, ateigados de xente que vai e ven. As terrazas dos bares, os restaurantes, zonas de baño, etc. son unha proba de que aquilo que nos condicionou a existencia xa forma parte do pasado.

E todo iso poderíamolo facer extensivo nas nosas aldeas, parroquias e vilas. Se no resto do ano comprobamos o significado da Galicia baleira, chegou a época estival e aqueles lugares onde cada vez quedan menos veciños e cada vez de maior idade semellan rexurdir dese letargo. As airas, os camiños e ata as corredoiras acollen uns visitantes que dan pulo a zonas que durante meses están orfas dunha vida humana que tanta presenza tiña en tempos pasados. Volven aqueles que mar-

O RECUNCHO DE CANELINA



charan lonxe, xa entrados en anos, pero tamén os seus fillos, os da xeración baby boom, quen xa son pais e nais, polo que tamén veñen coas súas crianzas e os achegados delas. Todos dan fe de sitios de gran fer-

mosura e valor sentimental, os que nuns días volverán encherse de silencio e soidade, agardando outro verán por aqueles que, aínda de forma temporal, fan lembrar o que aquí había.

DE RUTA EN RUTA

As Pontes: Senda da memoria

Itinerario pola contorna do lago, no que o visitante pode coñecer como eran os lugares que ocupaba o antigo oco mineiro

De recente construción é a Senda da Memoria nas Pontes, unha pista perimetral polo lago desta localidade. É un percorrido de 9 quilómetros aberto ao público no que se esconde toda unha historia baixo as augas do lago.

O percorrido pódese facer a pé ou en bicicleta e é unha homenaxe ás parroquias desaparecidas e ás súas xentes.

No camiño hai papeleiras, áreas de descanso, un observatorio de paxaros e mesas explicativas con información sobre a contorna, a fauna e a flora. Desde o Concello piden aos usuarios respectar e manter limpo este espazo natural para que todo o público poida gozar do mesmo. Así mesmo, informan de que está prohibido o uso de vehículos de motor para evitar a deterioración da contorna. Actualmente pode verse na mesma un ecosistema froito dunha colonización espontánea que alberga áreas de humedais, pasteiros, arboredos e matoxeiras nos que habitan máis de 217 especies vexetais e 205 animais.

A ruta foi inaugurada en xullo do ano 2017 como parte dun gran proxecto de restauración ambiental levado a cabo por Endesa tras o peche da mina ao descuberto de lignito situada nas Pontes. Este proxecto logrou converter un enorme buraco de 288 metros de profundidade e 6 km de lonxitude por 2,5 de ancho no Lago artificial máis grande de Europa.

O proxecto presentado por Endesa en 1983 e o lago foi inaugurado en maio de 2012 para o que se utilizaron uns 547 millóns de m³ de auga provenientes en gran parte do río Eume que chegaría 96 hm³/ano e que, xunto coas augas superficiais



do vertedoiro, as de escorrentería do propio oco e as da planta TEL, tardaron máis de catro anos en encher o xigantesco buraco.

Este espazo natural e recreativo é utilizado para a práctica de deportes náuticos como vela, windsurf ou kaiak. En 2017 instalouse nas súas inmediacións a tirolesa máis grande de Europa, cunha lonxitude de 200 m e unha altura de 10 m.

O lago conta cunha praia artificial na zona máis próxima á localidade, en

forma de media lúa e unha extensión de 370 metros con zona verde e outra de area, creada a partir de 90.000 toneladas de area de canteira lavada. Cunha temperatura media ao longo de todo o ano de 22 graos, é unha das grandes atraccións do lago.

A parte noroccidental do lago estableceuse como reserva ornitolóxica e zona de observación de aves.

No 2021 inaugurouse un tramo máis desta senda, 1,5 quilómetros desde



a entrada ao lago ata o río Eume.

A ruta comeza na contorna do lago, un camiño nos achegará pouco a pouco pola antiga mina de carbón. Durante o camiño iremos coñecendo máis a historia da mina, das parroquias e da súa restauración ambiental.

O sendeiro levará ao visitante por toda a beira do lago, hoxe reconvertido en praia e área recreativa. Unha paisaxe diferente e espectacular por igual.

DATOS



2 horas



9 quilómetros



Dificultade media/baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05